



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº 7/2021, EXTRAORDINARIA, REALIZADA O XOVES 22 DE XULLO DE 2021 .

ASISTENTES

Presidente:

Sr. Alcalde FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE (AdV)

Concelleiros/as:

Grupo municipal da AdV de Carral

SUSANA GUIMAREY GARCÍA

FRANCISCO JAVIER BELLO HERMIDA

RUBÉN ANTONIO CAAMAÑO RODRÍGUEZ

MARÍA MERCEDES CARIDAD LÓPEZ

Grupo municipal do PP

JOSE LUIS FERNANDEZ MOURIÑO

MARGARITA RAMILO VARELA

CARLOS BARBEITO REY

Grupo municipal do PSdeG-PSOE

JESUS JAVIER CETINA MOCHALES

LUCÍA VÁZQUEZ MOURIÑO

PABLO COUTO LOPEZ

Concelleira non adscrita

FLORINDA DUARTE GERPE

Interventora do Concello

NOEMI GONZALEZ MATO

Secretaria Accidental do Concello:

SONIA CAMPOS ARES

NON ASISTE

DAVID FERNÁNDEZ BALSEIRO

HORA DE INICIO: 20:30

HORA DE REMATE: 21:35

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 20:30 do xoves 22 de xullo de 2021, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto do 19 de xullo de 2021 e, tendo en conta a necesidade de resolver os asuntos indicados na orde do día nos prazos esixidos nos correspondentes procedementos, reúnen en sesión 7/2021, extraordinaria, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ORDE DO DÍA

Parte resolutiva da sesión

- 1.- Aprobación das actas das sesións anteriores (nº 5/2021, ordinaria, do 27 de maio de 2021 e n.º 6, extraordinaria, do 07 de xullo de 2021).
- 2.-Proposta de aprobación definitiva de modificación da relación de postos de traballo do Concello de Carral, previa resolución da alegación presentada en relación á aprobación inicial do expediente .
- 3.-Proposta de aprobación definitiva do orzamento xeral do Concello para o ano 2021, previa resolución da reclamación presentada en relación á aprobación inicial do expediente.

Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

- 4.- Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.
- 5.- Mocións dos grupos políticos, no seu caso.
- 6.-Rogos e preguntas.

Parte resolutiva da sesión

- 1.- Aprobación das actas das sesións anteriores (nº 5/2021, ordinaria, do 27 de maio de 2021 e n.º 6, extraordinaria, do 07 de xullo de 2021).

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o señor Alcalde pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación ás actas da sesión n.º 5/2021, ordinaria, do 27 de maio de 2021 e á sesión n.º 6/2021, extraordinaria, do 07 de xullo de 2021.

Ao non realizarse ningunha observación, o señor Alcalde somete a votación as actas, e estas son aprobadas, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asistiron ás sesións referidas entre os presentes nesta.

- 2.-Proposta de aprobación definitiva de modificación da relación de postos de traballo do Concello de Carral, previa resolución da alegación presentada en relación á aprobación inicial do expediente .

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 14 de xullo de 2021, como segue:

"PROPOSTA DA PRESIDENCIA AO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL

Asunto: Resolución de alegación e aprobación definitiva da modificación relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Carral.

Logo de ver que o artigo 74 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público establece que "Las Administraciones



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Públicas estruturarán su organización a través de relaciones de puestos de trabajo u otros instrumentos organizativos similares que comprenderán, al menos, la denominación de los puestos, los grupos de e/osificación profesional, los cuerpos o escalas, en su caso, a que estén adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias. Dichos instrumentos serán públicos."

Logo de ver que, polo súa banda, o artigo 126.4 do Real Decreto Lexis/ativo 78 1 11986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL en adiante) establece que "Las relaciones de los puestos de trabajo, que tendrán en todo caso el contenido previsto en Ja legislación básica sobre función pública, se confeccionarán con arreglo a las normas previstas en el artículo 90.2 de Ja Ley 711985, de 2 de abril"

Logo de ver que o devandito artigo 90.2 da Lei 711985 establece que" 2. Las Corporaciones locales formarán la relación de todos los puestos de trabajo existentes en su organización, en los términos previstos en la legislación básica sobre función pública.

Corresponde al Estado establecer las normas con arreglo a las cuales hayan de confeccionarse las relaciones de puestos de trabajo, la descripción de puestos de trabajo tipo y las condiciones requeridas para su creación, así como las normas básicas de Ja carrera administrativa, especialmente por lo que se refiere a Ja promoción de los funcionarios a niveles y grupos superiores."

Tendo en conta o establecido na disposición transitoria segunda do Real Decreto Lexislativo 5/201 5, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público é polo que se fai preciso a modificación da relación de postos de traballo deste Concello.

Logo de elaborarse, segundo instrucións deste Alcaldía e, en cumprimento das normas citadas, o proxecto de modificación da relación destes postos de traballo, de data 14 de maio de 2021, coa correspondente valoración deles.

Logo de ver que o proxecto fo informada favorablemente pola secretaría accidental do Concello, mediante o seu informe do 19 de maio de 2021, e que conta coa fiscalización favorable da Intervención do Concello, mediante informe do 19 de maio de 2021.

Logo de ver que o proxecto se someteu ó reunión da mesa xeral de negociación do Concello realizada o 18 de maio de 2021, e que na devandita reunión se indicou que esta modificación é sen prexuízo doutras funcionarizacións que poidan proceder, que haberán de axustarse ás posibilidades do Concello en exercicios vindeiros.

O Pleno do Concello (logo da emisión de ditame favorable á proposta polo Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, na súa sesión ordinaria do 24 de maio de 2021), na sesión ordinaria 5/2021, do 27 de maio de 2021, aprobou inicialmente a proposta de modificación da relación de postos de traballo do Concello de Carral, expoñéndoa ao público por un prazo de quince días contados dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP nº103 do 03 de xuño de 2021) e mediante anuncio inserido no taboleiro de edictos do Concello o 31 de maio .

Segundo o informe emitido con data do 12 de xullo de 2021 pola auxiliar do rexistro xeral do Concello durante o devondito prazo de quince días, durante os cales os/as interesados/as puideron examinar o expediente, se presentaron no rexistro xeral do Concello a seguinte alegación:

Rexistro de entrada 1040, do 23 de xuño de 2021- Manuel Ares Barbeito



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Con data 12 de xullo de 2021, asinado dixitalmente en tal data, emétese a seguinte providencia que se transcribe literalmente:

"PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

Vistos os seguintes antecedentes:


Alegación presentada á RPT (aprobada inicialmente na sesión plenaria realizada en data 27 de maio de 2021, publicada no Boletín Oficial da Coruña nº 103, do 03 de xuño de 2021), dentro do prazo concedido ao efecto, por Manuel Ares Barbeito, con data 23 de xuño de 2021, e número de entrada no rexistro municipal 1040, na que solicita modificación da RPT en relación á ficha do posto de laboral fixo, escala administración xeral, posto conserxe (número 3017) que ocupa na actualidade con motivo de que está realizando a maiores das funcións que na mesma se reflexan as seguintes:

- Limpeza da pista e gradas.
- Supervisión, mantemento e limpeza das pistas de pádel e pistas multideporte.

Por tal motivo solicita que se lle tome en conta en canto á mellora salarial que lle poidera corresponder en base ao anteriormente dito.

Esta alcaldía propón a modificación da ficha correspondente ao posto de conserxe anteriormente citado coa correspondente valoración do posto en cuestión unha vez incluídas as novas funcións que se consideran necesarias para dito posto en base ás necesidades actuais do Concello, quedando como segue:

		DENOMINACIÓN DOS POSTOS DE TRABAJO		
		ÁREA	3	ADMINISTRACIÓN XERAL
		SERVIZO	0	ADMINISTRACIÓN XERAL
		UNIDADE	1	REXIME INTERIOR
		POSTO	7	CONSERXE
REQUISITOS	TIPO DE POSTO	TITULACIÓN MÍNIMA NECESARIA		
	Personal laboral fixo Grupo: V Complementarias:12.691,00 €	Certificado de Escolaridade ou equivalente		
<p>- Atención ao público (presencialmente, nas correspondentes dependencias do Concello, telefonicamente, ou polos medios telemáticos que correspondan).</p> <p><u>Actividades na piscina:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Mantemento da piscina (cloración, limpeza do vaso, filtros, etc.) - Emisión dos carnets dos usuarios da piscina - Mantemento das instalacións en xeral se son de pequeno calibre (maquinaria, instalacións...) <p><u>Actividades en pavillóns polideportivos:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Asistencia as actividades deportivas que se realizan no pavillón: apertura e peche, vixilancia de accesos, entrega do material, recollida do material utilizado,etc. - Mantemento do pavillón. 				



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- Limpeza da pista e gradas.
- Xestión de aluguer de pistas.

Outras actividades:

- Traslado de maquinaria a servizo técnico se se avaría.
- Acompañamento monitores as parroquias para actividades ou para levar material, incluso apertura de instalacións si non hai monitor.
- Tarefas que lle correspondan ás persoas da súa subescala ás que substitúa, en caso de vacante ou ausencia, durante o tempo que dure a devandita substitución
- Calquera outra que lle encomenden os seus superiores xerárquicos e as que conforme ao seu cargo lle correspondan.
- Supervisión, mantemento e limpeza das pistas de pádel e pistas multideporte.

Todo segundo os deberes, código de conducta, principios éticos e principios de conducta establecidos nos artigos 52 a 54 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

VALORACIÓN DO POSTO			
ACTORES DE VALORACIÓN	DEFINICIÓN DO NIVEL	UTILIDADES PRÁCTICAS	NIVEL DO POSTO
FACTOR "A" TITULACIÓN ACADÉMICAS	1. Título de Graduado ESO, FPI ou equivalente	Actividades de Cualificación escolar moderada	x
	2. Título de Bacharelato, FP II ou equivalente	Actividades de cualificación profesional alta	
	3. Título de enxeñeiro técnico, diplomado universitario, arquitecto Técnico, FP III, ou equivalente.	Actividades de cualificación técnica media.	
	4. Título de Doctor, Licenciado,, Enxeñeiro, arquitecto ou equivalente.	Cursos complementarios para o desempeño do posto.	
FACTOR "B" OUTROS ESTUDOS DE ESPECIALIZACIÓN	1. Especialización Baixa	Utilidades prácticas sen necesidade de titulación.	
	2. Especialización Básica	Carnets especiais para manipulación de máquinas	x
	3. Especialización Moderada	Estudios específicos do área	
	4. Especialización Media	Especialidades Técnicas	
	5. Especialización Alta	Estudios especiais tipo master relacionados co área do Posto	
	6. Especialización Moi Alta	Coñecementos específicos para certas áreas de asesoramento	
	7. Especialización Máxima	Posto que se se poden desenvolver pola acumulación de especializacións complexas de ámbito superior.	
FACTOR "C" RESPONSABILIDADE POR MANDO	1. Mando Baixo	Vixianza e control de persoal	
	2. Mando medio	Vixilancia e coordinación do traballo dun grupo de traballadores propios ou externos	
	3. Mando dun grupo reducido con ou sin algún mando intermedio	Normalmente de 3 a 15 persoas	
	4. Mando dun grupo importante de traballadores	Mando directo sobre unha área de traballo de máis de tres persoas	
	5. Mando dunha organización	Con independencia do número de traballadores	
FACTOR "D" RESPONSABILIDADE POR REPERCUSIÓN NOS RESULTADOS	1. Pouca repercusión en resultados	Postos de execución con normas e control alto	x
	2. Certa repercusión en resultados	Postos de execución con normas e control medio	
	3. Moderada repercusión en resultados	Postos de execución con normas e control baixo	
	4. Media repercusión en resultados	Postos de control sinxelo ou de execución sen normas	
	5. Media- Alta repercusión en resultados	Postos de control, coordinación...	
	6. Alta repercusión en resultados	Postos de Dirección sinxela	



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

	7. Moi Alta repercusión en resultados	Postos de Dirección complexa ou plurifuncional	
	8. Máxima repercusión en resultados	Postos de Xerencia de Organismos Importantes e con competencias delegadas	
FACTOR "E" ESFORZO INTELLECTUAL	1. Significativo esforzo intelectual	Postos cuxa actividade e fundamentalmente intelectual, procedementos non normalizados, se ben as variables que manexa non son de máxima complexidade	
	2. Importante Esforzo intelectual	Postos profesionais de informes, coordinación e mando, cuxa misión habitual é dar solución a problemas complexos	
	3. Máximo esforzo intelectual	Postos técnicos de actividades especializada exclusivamente intelectual, de máxima complexidade na organización	
FACTOR "F" ESFORZO FÍSICO	1. Esforzos físicos moderados ou posturas normalmente forzada	Postos de actividade manual, con moderados esforzos de torsión, presión tracción ...	
	2. Esforzos físicos importantes con posturas normalmente moi forzadas	Postos de carga/descarga, ou de actividades físicas de esforzo	X
	3. Esforzos físicos moi importantes con posturas especiais permanentes	Postos de actividades especiais nas que o seu traballo comporte con carácter habitual unhas condicións físicas externas.	
FACTOR "G" PENOSIDADE	1. Condicións Moi Incómodas ou levemente penosas	Postos de actividade normal con situacións molestas de traballo en intemperie, ruído, suciedade	x
	2. Condicións penosas non necesariamente habituais	Postos de actividade administrativa con risco polo manexo de fondos públicos	
	3. Condicións penosas habituais	Postos de actividade administrativa con risco derivado do manexo, traslado e/ou habilitación de fondos públicos.	
FACTOR "H" PERIGOSIDADE	1. Condicións de risco físico frecuente de intensidade moderado	Postos de actividade manual con maquinaria perigosa, ou conducción permanente como actividade profesional.	x
	2. Condicións de risco físico frecuente de intensidade grave.	Postos de actividade profesional especial que implican un risco posible grave e inevitable.	
	3. Condicións de máximo risco	Certos postos singulares e especiais do corpo de seguridade.	
FACTOR "I" CARACTERÍSTICA DA XORNADA	1. Xornada ordinaria, a veces se traballa fóra da mesma	Postos de actividade normal con dispoñibilidade baixa fóra da súa xornada	
	2. Xornada con flexibilidade moderada	Actividade normal con certas variacións	
	3. Xornada con turnicidade cerrada ou alta dispoñibilidade	Actividade normal con certa dispoñibilidade alta; turno con rotación en horario de mañá/tarde/noite ou 24 h.	
	4. Xornada partida con dispoñibilidade	Actividade normal en horario de mañá e tarde suxeita a certa dispoñibilidade ou urxencia.	x
FACTOR "J" DEDICACIÓN	1. Dedicación esporádica	Dedicación fóra da xornada	
	2. Dedicación especial	Dedicación fóra da xornada, fins de semana e festivos.	

É polo que dispoño:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

1- Por parte da intervención municipal se emita informe relativo á aceptación íntegra da alegación presentada por Manuel Ares Barbeito, en data 23 de xuño de 2021 e con número de rexistro de entrada 1040, segundo a ficha arriba referida, o que implica un incremento nas retribucións do posto correspondente a Conserxe (3017), Persoal laboral fixo por importe de 1.693,74 € anual no concepto de complementarias.

Carral, na data da sinatura que figura ao marxe

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose”

Visto o informe dos servizos xurídicos, asinado dixitalmente o 13 de xullo de 2021 pola técnica Sonia Campos Ares, que se transcribe literalmente:

“INFORME SERVICIOS XURÍDICOS

Visto o informe do rexistro municipal, asinado dixitalmente o 12 de xullo de 2021 pola auxiliar do rexistro María del Carmen Rodríguez Rodríguez, que se transcribe literalmente:

“MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, AUXILIAR DO REXISTRO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA),
I N F O R M O:

Que, en relación ao EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DO CONCELLO DE CARRAL, trala súa aprobación inicial na sesión plenaria realizada o 27 de maio de 2021, e sometemento a exposición pública mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 103, do 03 de xuño de 2021, e mediante anuncio inserido no taboleiro de edictos do Concello o 31 de maio de 2021, polo prazo de quince días (até o 24 de xuño de 2021), durante os cales os/as interesados/as puideron examinalo, se presentaron no rexistro xeral do Concello ao meu cargo as seguintes alegacións:

Rexistro de entrada 1040, do 23 de xuño de 2021- Manuel Ares Barbeito

E, para que conste no expediente de referencia, emito o presente, en Carral, a doce de xullo de 2021”

Vistas as alegacións presentadas por Manuel Ares Barbeito nas que solicita, se transcribe literalmente:

“(…) que se inclúan na miña RPT, certas funcións que estou a realizar

-Limpieza das pistas dos Pavillóns e das gradas

-Supervisión e mantemento das pistas de pádel

Por este motivo, quero presentar

ALEGACIONES

A dita ficha RPT, e solicitar que si se me recoñecen ás funcións que estoy a facer o lóxico será que se teña en conta con una mellora salarial”

Vista a providencia da alcaldía, asinada dixitalmente o 12 de xullo de 2021 polo alcalde Francisco Javier Gestal Pose, que se transcribe literalmente:

“PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

Vistos os seguintes antecedentes:

Alegación presentada á RPT (aprobada inicialmente na sesión plenaria realizada en data 27 de maio de 2021, publicada no Boletín Oficial da Coruña nº 103, do 03 de xuño de 2021), dentro do prazo concedido ao efecto, por Manuel Ares Barbeito, con data 23 de xuño de 2021, e número de entrada no rexistro municipal 1040, na que solicita modificación da RPT en relación á ficha do posto de laboral fixo, escala administración xeral, posto conserxe (número 3017) que ocupa na actualidade con motivo de que está realizando a maiores das funcións que na mesma se reflexan as seguintes:

- Limpieza da pista e gradas.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

-Supervisión, mantemento e limpeza das pistas de pádel e pistas multideporte.

Por tal motivo solicita que se lle tome en conta en canto á mellora salarial que lle poidera corresponder en base ao anteriormente dito.

Est alcaldía propón a modificación da ficha correspondente ao posto de conserxe anteriormente citado coa correspondente valoración do posto en cuestión unha vez incluídas as novas funcións que se consideran necesarias para dito posto en base ás necesidades actuais do Concello, quedando como segue:

		DENOMINACIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO	
			ÁREA
	SERVIZO	0	ADMINISTRACIÓN XERAL
	UNIDADE	1	REXIME INTERIOR
	POSTO	7	CONSERXE
REQUISITOS	TIPO DE POSTO	TITULACIÓN MÍNIMA NECESARIA	
	Persoal laboral fixo Grupo: V Complementarias:12.691,00 €	Certificado de Escolaridade ou equivalente	
<p>- Atención ao público (presencialmente, nas correspondentes dependencias do Concello, telefonicamente, ou polos medios telemáticos que correspondan).</p> <p><u>Actividades na piscina:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Mantemento da piscina (cloración, limpeza do vaso, filtros, etc.) - Emisión dos carnets dos usuarios da piscina - Mantemento das instalacións en xeral se son de pequeno calibre (maquinaria, instalacións...) <p><u>Actividades en pavillóns polideportivos:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Asistencia as actividades deportivas que se realizan no pavillón: apertura e peche, vixilancia de accesos, entrega do material, recollida do material utilizado,etc. - Mantemento do pavillón. - Limpeza da pista e gradas. - Xestión de aluguer de pistas. <p><u>Outras actividades:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Traslado de maquinaria a servizo técnico se se avaría. - Acompañamento monitores as parroquias para actividades ou para levar material, incluso apertura de instalacións si non hai monitor. - Tarefas que lle correspondan ás persoas da súa subescala ás que substitúa, en caso de vacante ou ausencia, durante o tempo que dure a devandita substitución - Calquera outra que lle encomenden os seus superiores xerárquicos e as que conforme ao seu cargo lle correspondan. - Supervisión, mantemento e limpeza das pistas de pádel e pistas multideporte. 			



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Todo segundo os deberes, código de conducta, principios éticos e principios de conducta establecidos nos artigos 52 a 54 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

VALORACIÓN DO POSTO			
ACTORES DE VALORACIÓN	DEFINICIÓN DO NIVEL	UTILIDADES PRÁCTICAS	NIVEL DO POSTO
FACTOR "A" TITULACIÓN ACADÉMICAS	1.Título de Graduado ESO, FPI ou equivalente	Actividades de Cualificación escolar moderada	x
	2.Título de Bacharelato, FP II ou equivalente	Actividades de cualificación profesional alta	
	3.Título de enxeñeiro técnico, diplomado universitario, arquitecto Técnico, FP III, ou equivalente.	Actividades de cualificación técnica media.	
	4.Título de Doctor, Licenciado,, Enxeñeiro, arquitecto ou equivalente.	Cursos complementarios para o desempeño do posto.	
FACTOR "B" OUTROS ESTUDOS DE ESPECIALIZACIÓN	1.Especialización Baixa	Utilidades prácticas sen necesidade de titulación.	
	2.Especialización Básica	Carnets especiais para manipulación de máquinas	X
	3.Especialización Moderada	Estudios específicos do área	
	4.Especialización Media	Especialidades Técnicas	
	5.Especialización Alta	Estudios especiais tipo master relacionados co área do Posto	
	6.Especialización Moi Alta	Coñecementos específicos para certas áreas de asesoramento	
	7.Especialización Máxima	Posto que se se poden desenvolver pola acumulación de especializacións complexas de ámbito superior.	
FACTOR "C"	1. Mando Baixo	Vixianza e control de persoal	
	2. Mando medio	Vixilancia e coordinación do traballo dun grupo de traballadores propios ou externos	



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

RESPONSABILIDADE POR MANDO	3. Mando dun grupo reducido con ou sin algún mando intermedio	Normalmente de 3 a 15 persoas	
	4. Mando dun grupo importante de traballadores	Mando directo sobre unha área de traballo de máis de tres persoas	
	5. Mando dunha organización	Con independencia do número de traballadores	
FACTOR "D" RESPONSABILIDADE POR REPERCUSIÓN NOS RESULTADOS	1. Pouca repercusión en resultados	Postos de execución con normas e control alto	X
	2. Certa repercusión en resultados	Postos de execución con normas e control medio	
	3. Moderada repercusión en resultados	Postos de execución con normas e control baixo	
	4. Media repercusión en resultados	Postos de control sinxelo ou de execución sen normas	
	5. Media- Alta repercusión en resultados	Postos de control, coordinación...	
	6. Alta repercusión en resultados	Postos de Dirección sinxela	
	7. Moi Alta repercusión en resultados	Postos de Dirección complexa ou plurifuncional	
	8. Máxima repercusión en resultados	Postos de Xerencia de Organismos Importantes e con competencias delegadas	
FACTOR "E" ESFORZO INTELLECTUAL	1. Significativo esforzo intelectual	Postos cuxa actividade e fundamentalmente intelectual, procedementos non normalizados, se ben as variables que manexa non son de máxima complexidade	
	2. Importante Esforzo intelectual	Postos profesionais de informes, coordinación e mando, cuxa misión habitual é dar solución a problemas complexos	
	3. Máximo esforzo intelectual	Postos técnicos de actividades especializada exclusivamente intelectual, de máxima complexidade na organización	
FACTOR "F" ESFORZO FÍSICO	1. Esforzos físicos moderados ou posturas normalmente forzada	Postos de actividade manual, con moderados esforzos de torsión, presión tracción ...	
	2. Esforzos físicos importantes con posturas normalmente moi forzadas	Postos de carga/descarga, ou de actividades físicas de esforzo	X
	3. Esforzos físicos moi importantes con posturas especiais permanentes	Postos de actividades especiais nas que o seu traballo comporte con carácter habitual unhas condicións físicas externas.	
FACTOR "G" PENOSIDADE	1. Condicións Moi Incómodas ou levemente penosas	Postos de actividade normal con situacións molestas de traballo en intemperie, ruído, suciedade	x
	2. Condicións penosas non necesariamente	Postos de actividade administrativa con risco	



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

	habituais	polo manexo de fondos públicos	
	3.Condicións penosas habituais	Postos de actividade administrativa con risco derivado do manexo, traslado e/ou habilitación de fondos públicos.	
FACTOR "H" PERIGOSIDAD E	1. Condicións de risco físico frecuente de intensidade moderado	Postos de actividade manual con maquinaria perigosa, ou conducción permanente como actividade profesional.	x
	2. Condicións de risco físico frecuente de intensidade grave.	Postos de actividade profesional especial que implican un risco posible grave e inevitable.	
	3. Condicións de máximo risco	Certos postos singulares e especiais do corpo de seguridade.	
FACTOR "I" CARACTERÍSTICA DA XORNADA	1. Xornada ordinaria, a veces se traballa fóra da mesma	Postos de actividade normal con dispoñibilidade baixa fóra da súa xornada	
	2. Xornada con flexibilidade moderada	Actividade normal con certas variacións	
	3. Xornada con turnicidade cerrada ou alta dispoñibilidade	Actividade normal con certa dispoñibilidade alta; turno con rotación en horario de mañá/tarde/noite ou 24 h.	
	4. Xornada partida con dispoñibilidade	Actividade normal en horario de mañá e tarde suxeita a certa dispoñibilidade ou urxencia.	x
FACTOR "J" DEDICACIÓN	1. Dedicación esporádica	Dedicación fóra da xornada	
	2. Dedicación especial	Dedicación fóra da xornada, fins de semana e festivos.	

É polo que dispoño:

1- Por parte da intervención municipal se emita informe relativo á aceptación íntegra da alegación presentada por Manuel Ares Barbeito, en data 23 de xuño de 2021 e con número de rexistro de entrada 1040, segundo a ficha arriba referida, o que implica un incremento nas retribucións do posto correspondente a Conserxe (3017), Persoal laboral fixo por importe de 1.693,74 € anual no concepto de complementarias.

Carral, na data da sinatura que figura ao marxe

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose"

Visto a Ley 11/2020, de 30 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2021, publicada no BOE nº 341 o 31 de decembro de 2020, con entrada en vigor o 01 de xaneiro de 2021.

Vistas as funcións a incluír no posto relativo a conserxe, persoal laboral fixo, grupo V consistentes en:

- Limpeza da pista e gradas.
- Supervisión, mantemento e limpeza das pistas de pádel e pistas multideporte.

Vista a providencia da Alcaldía na que se establece que o aumento de ditas funcións implica o cambio de valoración do posto nos seguintes criterios:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

*D1 Responsabilidade por repercusión nos resultados

*F2 Esforzo Físico

Visto que o cambio de valoración implica un aumento de retribucións de 1693,74€ anuais.

É polo que estes Servizos Xurídicos en base ao disposto no artigo 18.7 da Ley 11/2020, de 30 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2021, que establece o seguinte que se transcribe: "Lo dispuesto en los apartados anteriores debe entenderse sin perjuicio de las adecuaciones retributivas que, con carácter singular y excepcional, resulten imprescindibles por el contenido de los puestos de trabajo, por la variación del número de efectivos asignados a cada programa o por el grado de consecución de los objetivos fijados al mismo".

INFORMO:

Que o aumento retributivo ten carácter singular e excepcional dado que as funcións que se aumentan en dito posto de traballo resultan imprescindibles para cumprir coas necesidades deste Concello en canto ao desenvolvemento das funcións do posto en cuestión, tal e como queda acreditado na providencia da Alcaldía de data 12 de xullo de 2021. Deixase constancia de que entra dentro da potestade autoorganizadora da Corporación Local e a súa facultade de establecer as súas propias estruturas organizativas, sempre dentro da Constitución e como establece reiterada xurisprudencia.

Carral, na data da sinatura que figura ao marxe.

A TÉCNICA XURÍDICA

Sonia Campos Ares"

Por outra banda, con data do 13 de xullo de 2021, a Interventora do Concello emite informe como segue:

"INFORME DE INTERVENCIÓN

Asunto: Proposta do 12 de xullo de 2021 de resolución de alegación e aprobación definitiva de modificación da relación de postas de traballo (RPT) do Concello de Carral.

En sesión plenaria de 27 de maio de 2021 procedeuse, pola Corporación Municipal, á aprobación inicial do Expediente de Modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Carral, someténdose á mesma á exposición pública mediante anuncio publicado no Boletín oficial de A Provincia de A Coruña nº 103, do 3 de xuño de 2021, e mediante anuncio inxerido no taboleiro de edictos do Concello o 31 de maio de 2021, polo prazo de quince días (até o 24 de xuño de 2021), durante os cais, e conforme sinala o informe da auxiliar do Rexistro do Concello de Carral, dona María del Carmen Rodríguez Rodríguez, de 12 de xullo de 2021, presentouse a seguinte alegación:

- De Manuel Ares Barbeito, como laboral fixo do Concello de Carral, con Rexistro de Entrada nº 1040, do 23 de xuño de 2021, na que solicita: " modificación da RPT en relación á ficha do posto de laboral fixo, escala administración xeral, posto conserxe (número 3017) que ocupa na actualidade con motivo de que está realizando a maiores das funcións que na mesma se reflexan as seguintes:

- Limpeza da pista e gradas.

-Supervisión, mantemento e limpeza das pistas de pádel e pistas multideporte.

Por tal motivo solicita que se lle tome en conta en canto á mellora salarial que lle poidera corresponder en base ao anteriormente dito".

Por providencia de Alcaldía de 12 de xullo de 2021 se propón que se lle tome en conta a mellora salarial que poideira corresponder en base ao anteriormente dito, propoñendo unha modificación da ficha da RPT correspondente á valoración do posto en cuestión en base ás necesidades actuais do Concello e dispoñendo: " 1- Por parte da intervención municipal se emita informe relativo á aceptación íntegra da alegación presentada por Manuel Ares Barbeito, en data 23 de xuño de 2021 e con número de rexistro de entrada 1040, segundo a ficha arriba referida, o que



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

implica un incremento nas retribucións do posto correspondente a Conserxe (3017), Persoal laboral fixo por importe de 1.693,74 € anual no concepto de complementarias”.

En data 13 de xullo de 2021 emítese informe a Técnico de Administración Xeral do Concello de Carral, Dona Sonia Campos Ares, ao respecto, no que se conclúe: “Que o aumento retributivo ten carácter singular e excepcional dado que as funcións que se aumentan en dito posto de traballo resultan imprescindibles para cumprir coas necesidades deste Concello en canto ao desenvolvemento das funcións do posto en cuestión, tal e como queda acreditado na providencia da Alcaldía de data 12 de xullo de 2021.

Deixase constancia de que entra dentro da potestade autoorganizadora da Corporación Local e a súa facultade de establecer as súas propias estruturas organizativas, sempre dentro da Constitución e como establece reiterada xurisprudencia.”

Á vista dos antecedentes sinalados, esta Intervención, en virtude das atribucións de control citadas e establecidas no artigo 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e desenvolvidas polo Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; e en atención ás facultades recollidas no artigo 4.1.b).5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte

INFORME

PRIMEIRA.- Desde o punto de vista técnico, o control interno da actividade económico-financieira do sector público local que se exerce polo órgano interventor estrutúrase en dúas modalidades, función interventora, tamén chamada fiscalización previa, e control financeiro, segundo o artigo 3 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

A función interventora ten por obxecto controlar os actos da Entidade Local e dos seus organismos autónomos, calquera que sexa a súa cualificación, que dean lugar ao recoñecemento de dereitos ou á realización de gastos, así como os ingresos e pagos que deles derivense, e o investimento ou aplicación en xeral dos seus fondos públicos, co fin de asegurar que a súa xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

O control financeiro ten por obxecto verificar o funcionamento dos servizos do sector público local no aspecto económico financeiro para comprobar o cumprimento da normativa e directrices que os rexen e, en xeral, que a súa xestión se axusta aos principios de boa xestión financeira, comprobando que a xestión dos recursos públicos atópase orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía, a calidade e a transparencia, e polos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira no uso dos recursos públicos locais.

O control financeiro comprende as modalidades de control permanente e de auditoría pública, e en ambas as inclúese o control de eficacia que menciona o artigo 221 do TRLRHL.

A finalidade do control permanente é comprobar, de maneira continuada, que o funcionamento da actividade económico-financieira do sector público local axústase ao ordenamento xurídico xa os principios xerais de boa xestión financeira, co fin último de mellorar a xestión no seu aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedimental, segundo o artigo 222 do TRLRHL.

O control permanente exercerase sobre a entidade local e as entidades dependentes desta con orzamento limitativo (organismos autónomos e consorcios) en que leve a cabo a función interventora, segundo o artigo 220 do TRLRHL e 29.2 RCI

O control permanente comprende tanto as actuacións de control que anualmente se inclúan no correspondente Plan Anual de Control Financeiro, como as actuacións que sexan atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor. Entre elas cando é materia competencia de Pleno por maioría absoluta, solicítao o Alcalde ou 1/3 dos concelleiros ou unha norma esixe expresamente informe de intervención, como no caso da aprobación do orzamento ou da liquidación.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

En concreto, o control permanente comprende as seguintes actuacións e comprobacións:

- Verificación do cumprimento da normativa e procedementos aplicables aos aspectos da xestión económica aos que non se estende a función interventora.
- Seguimento da execución orzamentaria e verificación do cumprimento dos obxectivos asignados.
- Comprobación da planificación, xestión e situación da tesouraría.
- As actuacións previstas nas normas orzamentarias e reguladoras da xestión económica do sector público local atribuídas ao órgano interventor.
- Análise das operacións e procedementos, co obxecto de proporcionar una valoración da súa racionalidade económico-financeira e a súa adecuación aos principios de boa xestión, ao obxecto de poder detectar posibles deficiencias, así como propor as recomendacións que se estimen oportunas para poder corrixilas.
- Na Entidade Local, verificar, mediante técnicas de auditoría, que os datos e información con transcendencia económica proporcionados polos órganos xestores como soporte da información contable, reflicten razoablemente o resultado as operacións derivadas da súa actividade económico-financeira.

A necesidade ou non de informe previo do órgano interventor no expediente de aprobación ou modificación da RPT non é una cuestión pacífica.

No que respecta á función interventora, na medida que estes acordos non levan aparellada ningunha fase xestión do orzamento de gastos da Corporación (tampouco de ingresos) non nos acharemos ante un suposto do exercicio desta, é dicir, de fiscalización previa pois non hai ningún gasto nin pago a fiscalizar.

No que respecta á función de control financeiro, a IGAE restrinxe o ámbito de aplicación do control ás actuacións de xestión económico-financeira do Concello.

Como tal, estes informes non están recollido dentro dos supostos taxados de actuacións de control permanente atribuídas ao órgano interventor (coma se sucede respecto da aprobación do orzamento ou da liquidación). Ademais, nin no Real Decreto 424/2017 nin no Real Decreto 128/2018 esíxese que o interventor informe a RPT ou o acordo de condicións de traballo con carácter previo á súa aprobación, nin o esixe de modo preceptivo ningunha outra norma, polo que podería considerarse que non son estritamente preceptivos estes informes previo do interventor.

E é que debemos ter en conta que aínda que se trata dun informe cuxa necesidade de emisión nunca se ten recollido de forma expresa na normativa de aplicación, elaborouse de forma habitual polos interventores das Entidades Locais, precisamente por tratarse dunha cuestión que afecta á xestión económica e orzamentaria, en aras de dar cumprimento ao disposto no artigo 7.3 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria; e porque é habitual que sexan os propios membros das Corporacións, Alcaldes ou Presidentes, como ocorre no caso que nos atañe, quen soliciten ese asesoramento económico-financeiro nestes asuntos, converténdose así en necesaria a emisión deste informe de control permanente previo da intervención, en atención ao disposto no apartado 5º do artigo 4.1.b do Real Decreto 128/2018, (entre outros a solicitude do Alcalde), no mesmo sentido exprésanse o artigo 54.1 do Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e o artigo 173 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

SEGUNDO.- A Relación de Postos de Traballo (RPT) é o instrumento técnico, de carácter organizativo, a través do cal se realiza a ordenación do persoal, establécense as súas funcións, de acordo coas necesidades dos servizos e determínanse os requisitos para o desempeño de cada posto e as súas retribucións complementarias é dicir, un instrumento de planificación e xestión do persoal da Entidade Locais, onde se establecen as características dos postos de traballo (grupo, complemento de destino, específico, funcións,...) que responden á organización do Concello.

Non é un documento que se deba aprobar co orzamento, senón que se pode aprobar en calquera momento, debendo ter o seu reflexo no orzamento para a súa realización efectiva.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Para que o Concello abone os incrementos retributivos que comporta a modificación da RPT é necesario que conte con crédito axeitado e suficiente no Capítulo 1 do Orzamento, este acordo se comportará gasto para a Corporación e estará sometido a informe de intervención.

Os incrementos salariais que comporte a modificación da RPT para os postos xa ocupados deben estar dotados presupuestariamente, para a súa aplicación efectiva.

Neste caso nin o orzamento prorrogado, nin o orzamento definitivo aprobado inicialmente, conteñen crédito axeitado e suficiente para facer fronte a esta obligación, e, polo tanto, en caso de aprobarse esta modificación da RPT, para poder facerse efectiva, a Corporación estará obrigada a tramitar e aprobar unha modificación do orzamento que lle permita dispor de crédito axeitado e suficiente para facerlle fronte. Por conseguinte, procederá a tramitación dunha transferencia de crédito para dotar de crédito as aplicacións do orzamento de gasto do capítulo 1 nas que falte crédito para facer fronte ao incremento das retribucións aprobado, é dicir, para soportar devandito gasto, polo que en ningún caso podería facerse efectiva esta modificación ata a súa completa dotación orzamentaria.

TERCEIRO. Límites aos incrementos retributivos durante o exercicio 2021. A Lei de Orzamentos Xerais do Estado para este ano 2021, tal e como vén sendo habitual, establece un límite respecto dos incrementos dos gastos de persoal ao servizo do sector público.

A excepción que permite superar devandito límite, vén prevista no apartado Sete do artigo 18 da Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021, segundo o cal:

«O disposto nos apartados anteriores debe entenderse sen prexuízo das adecuacións retributivas que, con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos obxectivos fixados ao mesmo».

Esta previsión, que se repite ano tras ano, permite que se concorre, de maneira singular e excepcional, una ou varias das tres circunstancias expostas, (contido do posto de traballo, número de efectivos ou grao de consecución de obxectivos) poida superarse devandito límite de incremento retributivo.

A modificación da RPT proposta baséase nunha modificación do contido dun posto de traballo individualizado, de conxerxe dos polideportivos municipais e a posible aplicación da excepción contida na LPXE de 2021 pasa por analizar o cumprimento do tres requisitos que a norma prevé, é dicir, que a adecuación retributiva sexa singular, excepcional e provocada por unha modificación do contido do devandito posto de traballo.

Por tanto, a xustificación que permitiría realizar estas adecuacións retributivas require que se produza unha variación obxectiva das funcións do devandito posto de traballo, o que levaría a adecuación das retribucións complementarias do posto de traballo; a condición de que se realizou unha valoración previa que asegure que as retribucións de tales postos sexan congruentes coas súas características e condicións, en definitiva, co seu contido.

Non pode obviarse, que a norma tamén esixe que esta modificación do contido dos postos sexa imprescindible desde un punto de vista do interese xeral municipal, o que esixiría una motivación obxectiva da necesidade de modificar o contido dos postos de traballo.

Xa que o que pretende o lexislador é impedir que as administracións públicas realicen continuas adecuacións dos contidos dos postos de traballo que provoquen continuos e sucesivos incrementos retributivos superiores ao límite sinalado nas distintas Leis de Orzamentos, para o que establece como condición expresa que talles adecuacións deban ser «singulares e excepcionais».

A «singularidade, excepcionalidade e urxencia» deste incremento salarial ven xustificada no informe xurídico de 13 de xullo de 2021 no que se sinala: « Vista a providencia da Alcaldía na que se establece que o aumento de ditas funcións implica o cambio de valoración do posto nos seguintes criterios:

*D1 Responsabilidade por repercusión nos resultados

*F2 Esfuerzo Físico



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Visto que o cambio de valoración implica un aumento de retribucións de 1693,74€ anuais.

É polo que estes Servizos Xurídicos en base ao disposto no artigo 18.7 da Ley 11/2020, de 30 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2021, que establece o seguinte que se transcribe: "Lo dispuesto en los apartados anteriores debe entenderse sin perjuicio de las adecuaciones retributivas que, con carácter singular y excepcional, resulten imprescindibles por el contenido de los puestos de trabajo, por la variación del número de efectivos asignados a cada programa o por el grado de consecución de los objetivos fijados al mismo.

INFORMO:

Que o aumento retributivo ten carácter singular e excepcional dado que as funcións que se aumentan en dito posto de traballo resultan imprescindibles para cumprir coas necesidades deste Concello en canto ao desenvolvemento das funcións do posto en cuestión, tal e como queda acreditado na providencia da Alcaldía de data 12 de xullo de 2021. (...)"

Á vista do sinalado neste informe, o resultado do control permanente previo do expediente resulta FAVORABLE. Se ben, este incremento salarial só poderá ser efectivo una vez sexa certificado a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente para levalo a cabo.

Se ben a Corporación adoptará a decisión que considere adecuada

Carral, na data da sinatura dixital ao marxe.

A Interventora,

Noemí González Mato "

En vista do establecido no artigo 22.2 i) da Lei 7/ 1 985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, previo o preceptivo ditame da comisión informativa permanente correspondente, remito ao Pleno o expediente e

PROPOÑO

Que adopte os seguintes acordos:

1.- Estimar a seguinte alegación presentada por:

Manuel Ares Barbeito (registro de entrada 1040, do 23 de xuño de 2021), con base no seguinte:

A modificación da ficha correspondente ao posto de conserxe anteriormente citado coa correspondente valoración do posto en cuestión unha vez incluídas as novas funcións que se consideran necesarias para dito posto que supoñen un incremento na retribución anual de 1.693,74 € en base ás necesidades actuais do Concello, quedando como segue:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

		DENOMINACIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO	
		ÁREA	3
	SERVIZO	0	ADMINISTRACIÓN XERAL
	UNIDADE	1	REXIME INTERIOR
	POSTO	7	CONSERXE
	REQUISITOS		TIPO DE POSTO
		Persoal laboral fixo Grupo: V Complementarias: 12.691,00 €	Certificado de Escolaridade ou equivalente
<p>- Atención ao público (presencialmente, nas correspondentes dependencias do Concello, telefonicamente, ou polos medios telemáticos que correspondan).</p> <p><u>Actividades na piscina:</u></p> <ul style="list-style-type: none">- Mantemento da piscina (cloración, limpeza do vaso, filtros, etc.)- Emisión dos carnets dos usuarios da piscina- Mantemento das instalacións en xeral se son de pequeno calibre (maquinaria, instalacións...) <p><u>Actividades en pavillóns polideportivos:</u></p> <ul style="list-style-type: none">- Asistencia as actividades deportivas que se realizan no pavillón: apertura e peche, vixilancia de accesos, entrega do material, recollida do material utilizado, etc.- Mantemento do pavillón.- Limpeza da pista e gradas.- Xestión de aluguer de pistas. <p><u>Outras actividades:</u></p> <ul style="list-style-type: none">- Traslado de maquinaria a servizo técnico se se avaría.- Acompañamento monitores as parroquias para actividades ou para levar material, incluso apertura de instalacións si non hai monitor.- Tarefas que lle correspondan ás persoas da súa subescala ás que substitúa, en caso de vacante ou ausencia, durante o tempo que dure a devandita substitución- Calquera outra que lle encomenden os seus superiores xerárquicos e as que conforme ao seu cargo lle correspondan.- Supervisión, mantemento e limpeza das pistas de pádel e pistas multideporte. <p>Todo segundo os deberes, código de conducta, principios éticos e principios de conducta establecidos nos artigos 52 a 54 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.</p>			



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

VALORACIÓN DO POSTO			
ACTORES DE VALORACIÓN	DEFINICIÓN DO NIVEL	UTILIDADES PRÁCTICAS	NIVEL DO POSTO
FACTOR "A" TITULACIÓNS ACADÉMICAS	1.Título de Graduado ESO, FPI ou equivalente	Actividades de Cualificación escolar moderada	x
	2.Título de Bacharelato, FP II ou equivalente	Actividades de cualificación profesional alta	
	3.Título de enxeñeiro técnico, diplomado universitario, arquitecto Técnico, FP III, ou equivalente.	Actividades de cualificación técnica media.	
	4.Título de Doctor, Licenciado,, Enxeñeiro, arquitecto ou equivalente.	Cursos complementarios para o desempeño do posto.	
FACTOR "B" OUTROS ESTUDOS DE ESPECIALIZACIÓN	1.Especialización Baixa	Utilidades prácticas sen necesidade de titulación.	
	2.Especialización Básica	Carnets especiais para manipulación de máquinas	X
	3.Especialización Moderada	Estudos específicos do área	
	4.Especialización Media	Especialidades Técnicas	
	5.Especialización Alta	Estudios especiais tipo master relacionados co área do Posto	
	6.Especialización Moi Alta	Coñecementos específicos para certas áreas de asesoramento	
	7.Especialización Máxima	Posto que se pode desenvolver pola acumulación de especializacións complexas de ámbito superior.	
FACTOR "C" RESPONSABILIDADE POR MANDO	1. Mando Baixo	Vixianza e control de persoal	
	2. Mando medio	Vixilancia e coordinación do traballo dun grupo de traballadores propios ou externos	
	3. Mando dun grupo reducido con ou sin algún mando intermedio	Normalmente de 3 a 15 persoas	
	4. Mando dun grupo importante de traballadores	Mando directo sobre unha área de traballo de máis de tres persoas	



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

	5. Mando dunha organización	Con independencia do número de traballadores	
FACTOR "D" RESPONSABILIDADE POR REPERCUSIÓN NOS RESULTADOS	1.Pouca repercusión en resultados	Postos de execución con normas e control alto	X
	2. Certa repercusión en resultados	Postos de execución con normas e control medio	
	3. Moderada repercusión en resultados	Postos de execución con normas e control baixo	
	4. Media repercusión en resultados	Postos de control sinxelo ou de execución sen normas	
	5. Media- Alta repercusión en resultados	Postos de control, coordinación...	
	6. Alta repercusión en resultados	Postos de Dirección sinxela	
	7. Moi Alta repercusión en resultados	Postos de Dirección complexa ou plurifuncional	
	8. Máxima repercusión en resultados	Postos de Xerencia de Organismos Importantes e con competencias delegadas	
FACTOR "E" ESFORZO INTELLECTUAL	1. Significativo esforzo intelectual	Postos cuxa actividade e fundamentalmente intelectual, procedementos non normalizados, se ben as variables que manexa non son de máxima complexidade	
	2. Importante Esforzo intelectual	Postos profesionais de informes, coordinación e mando, cuxa misión habitual é dar solución a problemas complexos	
	3. Máximo esforzo intelectual	Postos técnicos de actividades especializada exclusivamente intelectual, de máxima complexidade na organización	
FACTOR "F" ESFORZO FÍSICO	1. Esforzos físicos moderados ou posturas normalmente forzada	Postos de actividade manual, con moderados esforzos de torsión, presión tracción ...	
	2. Esforzos físicos importantes con posturas normalmente moi forzadas	Postos de carga/descarga, ou de actividades físicas de esforzo	X
	3. Esforzos físicos moi importantes con posturas especiais permanentes	Postos de actividades especiais nas que o seu traballo comporte con carácter habitual unhas condicións físicas externas.	
FACTOR "G" PENOSIDADE	1. Condicións Moi Incómodas ou levemente penosas	Postos de actividade normal con situacións molestas de traballo en intemperie, ruído, suciedade	x
	2. Condicións penosas non necesariamente habituais	Postos de actividade administrativa con risco polo manexo de fondos públicos	
	3. Condicións penosas habituais	Postos de actividade administrativa con risco derivado do manexo, traslado e/ou habilitación de fondos públicos.	



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

FACTOR "H" PERIGOSIDAD E	1. Condicións de risco físico frecuente de intensidade moderado	Postos de actividade manual con maquinaria perigosa, ou conducción permanente como actividade profesional.	x
	2. Condicións de risco físico frecuente de intensidade grave.	Postos de actividade profesional especial que implican un risco posible grave e inevitable.	
	3. Condicións de máximo risco	Certos postos singulares e especiais do corpo de seguridade.	
FACTOR "I" CARACTERÍSTICA DA XORNADA	1. Xornada ordinaria, a veces se traballa fóra da mesma	Postos de actividade normal con dispoñibilidade baixa fóra da súa xornada	
	2. Xornada con flexibilidade moderada	Actividade normal con certas variacións	
	3. Xornada con turnicidade cerrada ou alta dispoñibilidade	Actividade normal con certa dispoñibilidade alta; turno con rotación en horario de mañá/tarde/noite ou 24 h.	
	4. Xornada partida con dispoñibilidade	Actividade normal en horario de mañá e tarde suxeita a certa dispoñibilidade ou urxencia.	x
FACTOR "J" DEDICACIÓN	1. Dedicación esporádica	Dedicación fóra da xornada	
	2. Dedicación especial	Dedicación fóra da xornada, fins de semana e festivos.	

2.- Aprobar definitivamente a modificación proposta da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Carral segundo a aprobación inicial polo de data 27 de maio de 2021 coa inclusión da alegación presentada por Manuel Ares Barbeito, substituindo a ficha de conserxe pola que figura no punto 1 desta proposta.

3.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia da Coruña a modificación da relación de postos de traballo e remitir unha copia dela á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do prazo de trinta días."

Carral, na data da sinatura que figura ao marxe

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

Sometido a votación, a comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno emite dictame favorable á proposta, en votación ordinaria, por maioría dos representantes presentes na sesión dos grupos municipais da Alternativa dos Veciños de Carral (AdV) (que suponen 5 votos, segundo o voto ponderado acordado ao constituir esta comisión informativa, mediante acordó plenario do 24 de xullo de 2019, en aplicación do establecido nos artigos 66.2 e 68.5 Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia: 5 AdV) abstense o representante do PP e o representante do PsdG-PSOE e Non asiste a concelleira non adscrita).

DEBATE

Lida a proposta polo Sr. Alcalde concede a palabra á Sra. Duarte.

Manifesta a Sra. Florinda que lle parece ben que se acepte a alegación de Manuel Ares pero lamenta que o resto persoal do concello non presentara mais alegacións, e non só Manuel Ares, xa que parece que o Sr. Alcalde lle vai dar a razón que seguro que a ten, pero segundo a Sra. Duarte aceptase tal alegación porque é a única maneira de xustificar



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

os sobresoldos que meteron nos postos de traballo. Continua a Sra. Duarte diciendo que o que lle transmite o persoal do Concello é que cren que ao conserxe do colexio lle aumentan o soldo por facer fotocopias no colexio e ao mesmo tempo que ao conserxe se lle retiraron as feiras cando estaba contratado no sitio de Pepe Corral que tiña como traballo vixiar as feiras e realizar as funcións de conserxe no colexio.

Indica a Sra. Duarte que entende que hoxe en día esa persoa, referíndose ao conserxe do colexio, non fai falla nas feiras pero as funcións no colexio seguen sendo as mesmas e agora ten toda a xornada adicada ao colexio e se lle aumenta ao soldo. Reitera que isto é o que lle transmite o persoal.

Sigue intervindo a Sra. Florinda e manifesta que o persoal lle transmite que dentro desta relación de postos de traballo lle están subindo o soldo á policía local "supuestamente" por operativos covid que realizaron o ano pasado, e a concelleira Duarte pregunta ¿en qué momento cambiaron ou modificaron o horario á policía local, durante o ano covid, dende que empezou a pandemia en marzo?. Manifesta a Sra. Duarte que no tempo que ela veu de voluntaria de protección civil, a policía local non estivo mais que cando lle tocaba vir, o resto do tempo non viñeron, lembra tamén que en semana santa non houbo ninguén da policía local, o único día que viñeron, os policías locais, sin ser nos seus horarios, foi o día que veu o Sr. Alcalde o os do exército a facer a ofrenda floral polos Mártires de Carral. Pero, reitera a Sra. Duarte que, durante a pandemia a policía local non estivo nin un só día fora dos seus horarios habituais. E pregunta ao Sr. Alcalde se dende que o Partido Popular se foi, nalgún momento se lle modificou o horario á policía local. Continua a Sr. Duarte diciendo que ela sabe que non, que a policía local seguiu cos mesmos horarios e as mesmas funcións e aínda así o equipo de goberno aumentalles o soldo. A Sra. Duarte dí que isto lle parecen cacicadas. Continua a Sra. Duarte indicando que o persoal do concello pregunta porqué, unha vez mais, se lle sobe o soldo á normalizadora lingüística, á que xa se lle subiu na etapa do Partido Popular, manifesta que non entende porqué, sendo unha subvención co que se lle paga, ten que ter agora mais aumento de soldo.

A Sra. Duarte por último, pregunta, como o preguntou durante 16 anos que estivo no goberno, porqué a día de hoxe, o 31 de decembro o persoal laboral segue firmando unha renovación de contrato?. Hai xente que leva traballando 20 anos e firmando unha renovación de contrato, outros que levan 16, 15, 14 anos e o mesmo, seguen firmando unha renovación de contrato, realmente non o entende, xa non o entendía cando estaba no goberno e segue sen entendelo agora. Manifesta que en ningunha empresa privada se deixa facer isto, a Sra. Duarte pensa que o persoal que está nesta situación ten dereito ao seu posto de traballo e hai que facelos indefinidos ou fixos ou o que corresponda, manifesta a Sra. Duarte que o que non pode ser é darlle a uns sobresoldos para telos calados e a outros telos de lado, isto é o que ela ve, que o equipo de goberno dicía que o partido popular era uns caciques e facían cacicadas e o equipo de goberno "unta" sempre aos mesmos igual que antes. Reitera, a Sra. Duarte, que está completamente dacordo con que o Sr. Ares presentara a alegación e comenta que é unha pena que o resto do persoal non presentara tamén alegacións.

Manifesta a Sra. Florinda que o partido socialista, como no anterior pleno dixo que non estaba dacordo con esta RPT agora podería expresar con contundencia a súa opinión e non despois estar diciendo que non o sabía, a nós non nos preguntaron e nos non estamos dacordo, a Sra. Duarte manifesta que o partido socialista é comprobe de todo isto, que pertencen ao equipo de goberno. Indica a Sra. Duarte que xa sabe que non haberá resposta para as súas preguntas, que o Sr. Alcalde llas pedirá por escrito e que ela non llas vai presentar por escrito, o único que solicita é que conste en acta.

O Sr. Alcalde dalle a palabra á Concelleira de Persoal, á Sra. Susana Guimarey para responder á Sra. Duarte Gerpe.

A Sra. Guimarey dí que están neste pleno para tratar unicamente as alegacións á RPT, é dicir, a ficha do conserxe de pavillóns, indicalle á Sra. Duarte que para todo o que manifestou do conserxe do colexio, policía e normalizadora lingüística xa estiveron, as fichas á disposición dos señores concelleiros e todo o que dixo a Sra. Duarte dista moito do que hai realmente nas fichas, reitera a Sra. Guimarey que no departamento de persoal lle poden explicar á Sra. Duarte o que hai realmente nas fichas da RPT. En canto á renovación dos contratos a finais de ano, continúa manifestando a



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Sra. Concelleira de Persoal, segue a facerse porque é o que se indica dende o departamento xurídico. Manifesta a Sra. Guimarey que segundo están saíndo novas disposicións e novas leis intentarase modificar e regularizar todas as situacións pendentes.

Segue manifestando a Sra. Guimarey que se estimou a alegación de Manuel Ares Barbeito, e que efectivamente, sí so el presentou alegacións a este orzamento, xa que se lle foron ampliando funcións acordes ás necesidades do concello e por isto se lle estimou a alegación. Reitera a Sra. Guimarey que ese é o único punto a tratar neste pleno, a alegación que presentou o Sr. Manuel Ares Barbeito.

Intervén o Sr. Couto López para manifestar que o PsdG.PSOE está dacordo en estimar a alegación de Manuel Ares Barbeito e dí que coa nova lexislación aprobada hai un mes ao Concello de Carral non lle queda mais remedio que homoxeneizar e facer que os temas de renovación de contratos pasen a outro estado xa que senon, o concello de Carral podería estar sometido incluso a sancións económicas, pensa o Sr. Couto que isto é unha oportunidade para regularizar todos os postos de traballo do Concello de Carral que están nesa situación.

O Sr. Alcalde dalle paso ao Señor Fernández Mouriño

Intervén o Sr. Fernández Mouriño manifestando que o Grupo Popular no pleno da aprobación inicial da RPT votou abstención xa que viron que os representantes sindicais votaran a favor e outros abstivéronse na modificación RPT do Concello. Mostrase sorprendido do Sr. Fernández Mouriño ao saber que un mes e medio despois, unha persoa, traballador do concello diga que a ficha del non está ben, en todo caso isto sorpréndelle ao Sr. Mouriño.

Indica o Sr. Fernández Mouriño que xa no pleno do 27 de maio, o Sr. Couto López dicía que non era normal tardar 5 meses en aprobar os orzamentos cando había obras necesarias que eran moi urxentes, etc, sorprendese o Sr. Mouriño que a xustificación que tiveron naquel momento para a tardanza dos orzamentos era que tiveron moito traballo coa modificación da RPT, indica que isto consta en acta, que se aprobou ese mesmo día. Non entende, o Sr. Mouriño que pasou, constalle que a persoa que presentou a alegación ten unha actividade sindical moi importante dentro do Concello, non sabe ata que punto o Sr. Ares é solidario cos seus compañeiros e compañeiras, manifesta o Sr. Mouriño que as pistas de padel levan ahí un par de anos e tamén saben que se agora se vai a facer unha pista multideporte, o Sr. Ares non terá que limpar a pista de tenis, parécelles ben ao grupo Popular que o Sr. Ares pida un aumento de soldo pero non lles parece ben que se demoren case 7 meses os orzamentos e que isto, o equipo de goberno, o xustifique porque había que arranxar a relación de postos de traballo. Entende, o Sr. Fernández, que durante os 5 meses que estiveron traballando na RPT tivo que haber diálogo e consenso cos traballadores do Concello pero agora despois de 7 meses xa ve que non houbo diálogo nin consenso por todo isto o Sr. Mouriño non confía no equipo de goberno nin no plantexamento que fixeron coa relación de postos de traballo.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación a proposta, esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por maioría dos/as señores/as concelleiros/as que asisten á sesión (votos a favor dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal da AdV de Carral, dous dos concelleiros do grupo municipal deo PsdeG-PSOE; votos en contra 3 dos concelleiros/as do PP e 1 voto da concelleira non adscrita; abstencións 1 voto da concelleira do grupo municipal do PsdeG-PSOE (Dona Lucía Vázquez Mouriño)). Á vista de todo o anterior adoptando os seguintes acordos:

1.- Estimar a seguinte alegación presentada por:

Manuel Ares Barbeito (registro de entrada 1040, do 23 de xuño de 2021), con base no seguinte:

A modificación da ficha correspondente ao posto de conserxe anteriormente citado coa correspondente valoración do posto en cuestión unha vez incluídas as novas funcións que se consideran necesarias para dito posto que supoñen un incremento na retribución anual de 1.693,74 € en base ás necesidades actuais do Concello, quedando como segue:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

	DENOMINACIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO		
	ÁREA	3	ADMINISTRACIÓN XERAL
	SERVIZO	0	ADMINISTRACIÓN XERAL
	UNIDADE	1	REXIME INTERIOR
	POSTO	7	CONSERXE
REQUISITOS	TIPO DE POSTO		TITULACIÓN MÍNIMA NECESARIA
	Persoal laboral fixo Grupo: V Complementarias:12.691,00 €		Certificado de Escolaridade ou equivalente
<p>- Atención ao público (presencialmente, nas correspondentes dependencias do Concello, telefonicamente, ou polos medios telemáticos que correspondan).</p> <p><u>Actividades na piscina:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Mantemento da piscina (cloración, limpeza do vaso, filtros, etc.) - Emisión dos carnets dos usuarios da piscina - Mantemento das instalacións en xeral se son de pequeno calibre (maquinaria, instalacións...) <p><u>Actividades en pavillóns polideportivos:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Asistencia as actividades deportivas que se realizan no pavillón: apertura e peche, vixilancia de accesos, entrega do material, recollida do material utilizado,etc. - Mantemento do pavillón. - Limpeza da pista e gradas. - Xestión de aluguer de pistas. <p><u>Outras actividades:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Traslado de maquinaria a servizo técnico se se avaría. - Acompañamento monitores as parroquias para actividades ou para levar material, incluso apertura de instalacións si non hai monitor. - Tarefas que lle correspondan ás persoas da súa subescala ás que substitúa, en caso de vacante ou ausencia, durante o tempo que dure a devandita substitución - Calquera outra que lle encomenden os seus superiores xerárquicos e as que conforme ao seu cargo lle correspondan. - Supervisión, mantemento e limpeza das pistas de pádel e pistas multideporte. <p>Todo segundo os deberes, código de conducta, principios éticos e principios de conducta establecidos nos artigos 52 a 54 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.</p>			



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

VALORACIÓN DO POSTO			
ACTORES DE VALORACIÓN	DEFINICIÓN DO NIVEL	UTILIDADES PRÁCTICAS	NIVEL DO POSTO
FACTOR "A" TITULACIÓN ACADÉMICAS	1.Título de Graduado ESO, FPI ou equivalente	Actividades de Cualificación escolar moderada	x
	2.Título de Bacharelato, FP II ou equivalente	Actividades de cualificación profesional alta	
	3.Título de enxeñeiro técnico, diplomado universitario, arquitecto Técnico, FP III, ou equivalente.	Actividades de cualificación técnica media.	
	4.Título de Doctor, Licenciado,, Enxeñeiro, arquitecto ou equivalente.	Cursos complementarios para o desempeño do posto.	
FACTOR "B" OUTROS ESTUDOS DE ESPECIALIZACIÓN	1.Especialización Baixa	Utilidades prácticas sen necesidade de titulación.	
	2.Especialización Básica	Carnets especiais para manipulación de máquinas	X
	3.Especialización Moderada	Estudios específicos do área	
	4.Especialización Media	Especialidades Técnicas	
	5.Especialización Alta	Estudios especiais tipo master relacionados co área do Posto	
	6.Especialización Moi Alta	Coñecementos específicos para certas áreas de asesoramento	
	7.Especialización Máxima	Posto que se se poden desenvolver pola acumulación de especializacións complexas de ámbito superior.	
FACTOR "C" RESPONSABILIDADE POR MANDO	1. Mando Baixo	Vixianza e control de persoal	
	2. Mando medio	Vixilancia e coordinación do traballo dun grupo de traballadores propios ou externos	
	3. Mando dun grupo reducido con ou sin algún mando intermedio	Normalmente de 3 a 15 persoas	
	4. Mando dun grupo importante de traballadores	Mando directo sobre unha área de traballo de máis de tres persoas	
	5. Mando dunha organización	Con independencia do número de traballadores	
FACTOR "D" RESPONSABILIDADE POR REPERCUSIÓN NOS RESULTADOS	1.Pouca repercusión en resultados	Postos de execución con normas e control alto	X
	2. Certa repercusión en resultados	Postos de execución con normas e control medio	
	3. Moderada repercusión en resultados	Postos de execución con normas e control baixo	
	4. Media repercusión en resultados	Postos de control sinxelo ou de execución sen normas	
	5. Media- Alta repercusión en resultados	Postos de control, coordinación...	
	6. Alta repercusión en resultados	Postos de Dirección sinxela	
	7. Moi Alta repercusión en resultados	Postos de Dirección complexa ou plurifuncional	



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

	8. Máxima repercusión en resultados	Postos de Xerencia de Organismos Importantes e con competencias delegadas	
FACTOR "E" ESFORZO INTELLECTUAL	1. Significativo esforzo intelectual	Postos cuxa actividade e fundamentalmente intelectual, procedementos non normalizados, se ben as variables que manexa non son de máxima complexidade	
	2. Importante Esforzo intelectual	Postos profesionais de informes, coordinación e mando, cuxa misión habitual é dar solución a problemas complexos	
	3. Máximo esforzo intelectual	Postos técnicos de actividades especializada exclusivamente intelectual, de máxima complexidade na organización	
FACTOR "F" ESFORZO FÍSICO	1. Esforzos físicos moderados ou posturas normalmente forzada	Postos de actividade manual, con moderados esforzos de torsión, presión tracción ...	
	2. Esforzos físicos importantes con posturas normalmente moi forzadas	Postos de carga/descarga, ou de actividades físicas de esforzo	X
	3. Esforzos físicos moi importantes con posturas especiais permanentes	Postos de actividades especiais nas que o seu traballo comporte con carácter habitual unhas condicións físicas externas.	
FACTOR "G" PENOSIDADE	1. Condicións Moi Incómodas ou levemente penosas	Postos de actividade normal con situacións molestas de traballo en intemperie, ruído, suciedade ...	X
	2. Condicións penosas non necesariamente habituais	Postos de actividade administrativa con risco polo manexo de fondos públicos	
	3. Condicións penosas habituais	Postos de actividade administrativa con risco derivado do manexo, traslado e/ou habilitación de fondos públicos.	
FACTOR "H" PERIGOSIDADE	1. Condicións de risco físico frecuente de intensidade moderado	Postos de actividade manual con maquinaria perigosa, ou conducción permanente como actividade profesional.	X
	2. Condicións de risco físico frecuente de intensidade grave.	Postos de actividade profesional especial que implican un risco posible grave e inevitable.	
	3. Condicións de máximo risco	Certos postos singulares e especiais do corpo de seguridade.	
FACTOR "I" CARACTERÍSTICA DA XORNADA	1. Xornada ordinaria, a veces se traballa fóra da mesma	Postos de actividade normal con dispoñibilidade baixa fóra da súa xornada	
	2. Xornada con flexibilidade moderada	Actividade normal con certas variacións	
	3. Xornada con turnicidade cerrada ou alta dispoñibilidade	Actividade normal con certa dispoñibilidade alta; turno con rotación en horario de mañá/tarde/noite ou 24 h.	
	4. Xornada partida con dispoñibilidade	Actividade normal en horario de mañá e tarde suxeita a certa dispoñibilidade ou urxencia.	X
FACTOR "J" DEDICACIÓN	1. Dedicación esporádica	Dedicación fóra da xornada	
	2. Dedicación especial	Dedicación fóra da xornada, fins de semana e festivos.	



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

2.- Aprobar definitivamente a modificación proposta da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Carral segundo a aprobación inicial polo de data 27 de maio de 2021 coa inclusión da alegación presentada por Manuel Ares Barbeito, substituindo a ficha de conserxe pola que figura no punto 1 desta proposta.

3.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia da Coruña a modificación da relación de postos de traballo e remitir unha copia dela á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do prazo de trinta días

3. Ditame sobre proposta de aprobación definitiva do orzamento xeral do Concello para o ano 2021, previa resolución da reclamación presentada en relación á aprobación inicial do expediente.

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 14 de xullo de 2021, como segue

„PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Asunto: Aprobación definitiva do orzamento xeral do Concello para o ano 2021, previa resolución da reclamación presentada en relación coa súa aprobación inicial.

Logo de formarse por esta Alcaldía o proxecto de orzamento xeral do Concello para o ano 2021, que contén os documentos esixidos polo artigo 168.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), cunha consignación total de crédito para gastos por importe de 5.800.917,34 euros , e unha previsión total de ingresos por importe de 5.800.917,34 euros.

Logo de ver o informe económico-financieiro emitido con data do 14 de maio de 2021 por esta Alcaldía en relación con tal proxecto de orzamento, así coma senllos informes da Interventora do Concello, con data do 19 de maio de 2021, de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria (no que se indica que se cumpre tal obxectivo de estabilidade orzamentaria, de acordo co artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais), e con data do 19 de maio de 2021 sobre a globalidade do proxecto de orzamento, no que conclúe que : “(...) Logo de ver a documentación que integra o expediente do proxecto do Orzamento Xeral do 2021, esta Intervención INFORMA as seguintes conclusións:

1.- O proxecto do orzamento reúne a documentación esixida pola lexislación vixente e se presenta parcialmente fóra dos prazos previstos nos artigos 168 TRLFL e 18.4 do RD 500/1990.

2.-O Proxecto do Orzamento da Corporación para o exercicio 2021 preséntase con equilibrio orzamentario. Con respecto aos gastos públicos en xeral o concello deberá axustar todo tipo de gastos aos créditos orzamentarios dispoñibles, axeitados e suficientes para cada programa e manter, durante todo o exercicio, unha política estricta de control de gastos. Por outra banda, e en materia de ingresos deben seguirse criterios de prudencia, tanto no momento de elaboración do orzamento como na súa execución. Que non se cumpran as previsións de ingresos suporía un resultado negativo nas magnitudes presupostarias, resultado presupostario e remanente líquido de tesourería.

3.-O órgano competente para a súa aprobación inicial é o Pleno da Corporación, co quórum de “maioría simple”.

4.-O procedemento para a súa aprobación é o descrito neste informe.”.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Logo de someterse o expediente do proxecto de orzamento para 2021 (en canto ás materias obxecto de negociación -segundo o establecido no texto vixente do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público- relativas ao persoal do Concello), á mesa de negociación realizada o 18 de maio de 2021.

O Pleno do Concello (logo da emisión de ditame favorable á proposta pola Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, na súa sesión ordinaria do 24 de maio de 2021), na sesión 5/2021, ordinaria, do 27 de maio de 2021, aprobou inicialmente a proposta de orzamento xeral do Concello de Carral para 2021. En cumprimento do establecido no artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL en adiante), previo anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 103, do 03 de xuño de 2021, espúxose ao público mediante anuncio inserido no taboleiro de edictos do Concello o 31 de maio de 2021, polo prazo de quince días (até o 24 de xuño de 2021).

Segundo o informe emitido con data do 12 de xullo de 2021 pola auxiliar do rexistro xeral do Concello durante o devandito prazo de quince días (até o 24 de xuño de 2021), os/as interesados/as segundo o artigo 170.1 TRLRFL puideron examinar o expediente, e presentáronse no rexistro xeral do Concello as seguintes reclamacións:

Interesado/a	Nº rexistro	Data de presentación
Lourdes Pedrazuela Bea, e/r Unión Sindical Obrera (USO)	SIR REGAGE21e00011278292 , 23-06-2021	23 de xuño de 2021

Con data do 12 de xullo de 2021, a señora Interventora do Concello, emite informe no que analiza a reclamación presentada e conclúe que "(...) **CUARTO.- Conclusións.** En conclusión, esta Intervención informa que, en base aos argumentos expostos, procedería a desestimación da reclamación presentada pola Unión Sindical Obrera (USO) por non atoparse dentro dos motivos numerados no artigo 170.2 TRLRFL."

Logo de ver todo o que antecede, e, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte os seguintes

ACORDOS

- 1.- Proceder á desestimación da reclamación presentada por non atopárense dentro dos motivos enumerados no artigo 170.2 TRLRFL.
- 2.- Aprobar definitivamente o Orzamento do Concello de Carral para 2021, e publicalo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, resumido por capítulos, para a súa entrada en vigor ao día seguinte a esta publicación.

Aprobar tamén definitivamente o plantel ou catálogo de persoal funcionario e laboral que se achegou xunto coa proposta de orzamento, segundo o establecido no artigo 126.1 do Real Decreto Legislativo



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que tamén se publicará no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (en cumprimento do artigo 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril), e remitir por parte da Intervención do Concello, a través das canles electrónicas disponibles ao efecto, unha copia á Administración Xeral do Estado e outra á Xunta de Galicia, simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

O orzamento entrará en vigor logo de publicarse na forma prevista. Segundo o artigo 171.1 TRLRFL “*Contra la aprobación definitiva del presupuesto podrá interponerse directamente recurso contencioso-administrativo, en la forma y plazos que establecen las normas de dicha jurisdicción.*”

Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose“

Sometido a votación, a comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno emite dictame favorable á proposta, en votación ordinaria, por maioría dos representantes presentes na sesión dos grupos municipais da Alternativa dos Veciños de Carral (AdV) e do PSdeG-PSOE (que suponen 8 votos, segundo o voto ponderado acordado ao constituir esta comisión informativa, mediante acordó plenario do 24 de xullo de 2019, en aplicación do establecido nos artigos 66.2 e 68.5 Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia: 5 AdV e 3 PsdeG-PSOE) abstense o representante do PP e Non asiste a concelleira non adscrita).

DEBATE

Lida polo Alcalde a proposta concede a palabra á Sra. Duarte.

Intervén a Sra. Duarte para dicir que ela vai absterse na votación do orzamento , manifesta que ela xa espuxo no pleno do 27 de maio que non estaba dacordo con este orzamento porque o equipo de goberno se aumentara o soldo e recordalle ao Sr. Alcalde que cando no pleno se debetiu este orzamento, segundo o Sr. Alcalde e Intervención había un erro no soldo do alcalde, indica a Sra. Duarte que non sabe se ese erro foi subsanado ou non pero ela sabe que se aumentou o soldo do Alcalde en 3000 €, reitera a Sr. Florinda que no seu día o Alcalde dixo que era un erro e pregunta se se subsanou.

O Sr. Alcalde manifesta que el non dixo que fora un erro, quen o dixo foi a Sra. Interventora, en referencia a un erro na elaboración por parte da propia interventora dos orzamentos municipais.

Manifesta a Sra. Florinda que o Sr. Alcalde dixo, o día do pleno do 27 de maio, que el non sabía nada dese aumento.

Intervén a Sra. Interventora para aclarar que o erro se debe a que o Sr. Alcalde como está en servizos especiais segue cobrando os trienios, o ano pasado esta partida estaba na partida que lle correspondía como funcionario e este ano pasáronse ao salario de Alcalde, é un cambio de partida, non é un incremento de soldo.

Intervén a Sra. Duarte para dicirlle ao Sr. Alcalde que el iso débeo saber e explicalo, tal e como fixo a interventora. Reitera a Sra. Duarte que non está dacordo co aumento de soldo do goberno nin co aumentos de soldos encubertos que se lle fai ao persoal e menos en tempo de pandemia, cos momentos que se viviron e que estamos vivindo...non entende estas subidas e menos despois do



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

que a Sra. Duarte xa lle reiterou en varias ocasións que o equipo de goberno non fixo nada polas empresas nin polas pymes de Carral e sigue reiterando a Sra. Duarte que no único que pensa o equipo de goberno é en eles mesmos.

Manifesta a Sra. Duarte que o equipo e goberno vive da herencia do Partido Popular e iso que dicían “que deixaran fundido o Concello” pero ela pensa que o equipo de goberno o fundiron moito mais, con 65000 € mais en solos e seguen fundindo o Concello día tras día, manifesta a Sra. Duarte que non ve vontade, por parte do equipo de goberno, de axudar aos veciños de Carral. Indica a Sra. Duarte que si o equipo de goberno quixera axudar aos veciños modificarían a ordenanza para a recollida do lixo e non dirían que estiveron 5 meses esperando a facer as modificación da RPT. Reitera a Sra. Duarte que o único que mira o equipo de goberno é o seu propio bolsillo.

Intervén o Sr. Couto para manifetar o desexo do PSDG-PSOE de que se aproben os orzamentos.

Intervén o Sr. Fernández Mouriño para manifestar que si hai unas semanas o partido popular votou en contra dos orzamentos xa que pensan que non é un bo orzamento en canto a inversión, xa que baixan a inversión e soben o gasto corrente , sí que hai unha serie de partidas que están reflexadas en acta e que ao partido popular lles gostaban como pode ser a limpeza de cunetas, o mantemento das propias pistas municipais, víanse tamén un aumento de soldo e indica o Sr. Fernández Mouriño que o Sr. Alcalde acaba de recoñecerlle á Sra. Duarte que a parte do que cobra, cobra 2883 € mais ao ano por trienios de cando era funcionario. Segue indicando o Sr. Mouriño que os trienios non é obrigatorio cobralos, o Sr. Alcalde optou por non ser funcionario e ser político para estar a disposición do concello, así que podería non cobrar eses trienios.

Manifesta o Sr. Fernández Mouriño que se debería votar a alegación de USO xa que considera que é unha alegación importante, xa que plantexa que toda o persoal que está traballando para a administración, que teñen contratos en precario, que son interinos que pasen a ocupar o seu posto ben como laboráís fixos, indefinidos, funcionarios, o que corresponda, por iste motivo ao Sr. Fernández Mouriño gustaríalle que se votara a alegación presentada por USO, entende, o Sr. Fernández Mouriño que se debería votar si están ou non dacordo en facer estables todos os postos de traballo que hai agora no Concello, indica o Sr. Mouriño que o seu partido votará en contra dos orzamentos se non se vota esta proposta que el e o seu equipo fan.

Indica o Sr. Mouriño que hai que ser consecuentes e se en Madrid se votou a favor desta reforma aquí en Carral tamén o poden facer, o Sr. Fernández considera que no orzamento hai partidas para isto, o Sr. Fernández Mouriño considera que a Sra. Interventora pode modificar partidas, no caso de que faga falla, o mesmo que se fixo para o aumento do Sr. Ares.

Indica o Sr. Mouriño que o Sr. Couto está desexoso de que se aprobe o orzamento e dille que as obras que están tamén reflexadas na acta do pleno anterior son obras menores, obras de menos de 40.000 € e se poden facer a través dun contrato menor. Dito isto, o Sr. Fernández Mouriño manifesta que xa que se esá a esperar polo orzamento dende xaneiro que teñan en conta a proposta que el fixo e se hai que esperar un pouquiño mais que se espere. Reitera que votarán en contra do orzamento polo aumento de soldo do Sr. Alcalde e por non querer considerar a proposta do partido popular de querer regularizar a situación do persoal do concello.

Intervén a Sra. Concelleira de Persoal manifestando que neste pleno só se está a debatir a alegación que presentou USO ao orzamento e indica que segundo os informes de intervención e a secretaría municipal non da lugar, dita alegación, a terse en conta e se procede á proposta de desestimación da



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

mesma. Puntualiza a Sra. Guimarey que o alcalde cobra o mesmo que o ano pasado, que non se subiu o soldo, neste orzamento non vai ningunha suba. Aínda que sexa alcalde ten dereito a cobrar os trienios, con respecto ao ano pasado non se subiu o soldo, a Sra. Interventora xa explicou con detalle o erro que ella tivo. Manifesta a Sra. Concelleira que se cumprirá toda a lexislación e dende o departamento de persoal e xurídico dirá como se fará a conversión destes contratos. Segue manifestando a Sra. Guimarey que esta conversión non afectará ao orzamento nin á súa aprobación Intervén o Sr. Barbeito para manifestar que non ten dereito a cobrar os trienios porque so leva 2 anos de Alcalde.

Intervén o Sr. Bello Hermida para manifestar que el mesmo cobra os trienios como traballador do hospital.

Resposta o Sr. Fernández Mouriño á Sra. Guimarey que non entende como si ela dí que está a favor de regularizar o persoal non estiman a alegación porque iso é o único que dí a alegación e que ademais de falar de si estiman ou non a alegación tamén hai que falar da aprobación definitiva do orzamento.

Resposta a Sr. Guimarey que so veñen a atender a alegación á RPT e ao orzamento, reitera que o departamento de intervención e xurídico se estima que non se deben considerar a alegación ao orzamento, indícalle ao Sr. Fernández Mouriño que el vote con consecuencia do que pensa, como debe ser.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación a proposta, esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por maioría dos/as señores/as concelleiros/as que asisten á sesión (votos a favor dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal da AdV de Carral e dos/as tres concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE 3 votos en contra dos concelleiros do PP e un voto en contra da concelleira non adscrita). Á vista de todo o anterior adoptando os seguintes acordos:

1.- Proceder á desestimación da reclamación presentada por non atopárense dentro dos motivos enumerados no artigo 170.2 TRLRFL.

2.- Aprobar definitivamente o Orzamento do Concello de Carral para 2021, e publicalo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, resumido por capítulos, para a súa entrada en vigor ao día seguinte a esta publicación.

Aprobar tamén definitivamente o plantel ou catálogo de persoal funcionario e laboral que se achegou xunto coa proposta de orzamento, segundo o establecido no artigo 126.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que tamén se publicará no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (en cumprimento do artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril), e remitir por parte da Intervención do Concello, a través das canles electrónicas disponibles ao efecto, unha copia á Administración Xeral do Estado e outra á Xunta de Galicia, simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

O orzamento entrará en vigor logo de publicarse na forma prevista. Segundo o artigo 171.1 TRLRFL *“Contra la aprobación definitiva del presupuesto podrá interponerse directamente recurso contencioso-administrativo, en la forma y plazos que establecen las normas de dicha jurisdicción.*



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

4.- Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.

O señor Alcalde expón que os/as señores/as membros da Corporación tiveron á súa disposición os decretos ditados pola Alcaldía entre o 25 de maio de 2021 e o 19 de xullo de 2021 (dende a sesión 5/2021 ordinaria do Pleno até a convocatoria da presente sesión plenaria) que se indican a continuación, dos que se deu conta ao Pleno.

Asemade, dáse conta de un reparo suspensivo da Intervención do Concello, e das resolucións (nº 230/2021) adoptadas pola Alcaldía contrarias a aqueles, polos motivos que nelas se indican, en cumprimento do establecido no artigo 218 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, na súa redacción outorgada polo artigo 2.3 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Nº	DATA	ASUNTO
180/2021	25/05/2021	Asunto: Aprobación do gasto para a dinamización da feira municipal.
181/2021	26/05/2021	Asunto: Aprobación das nóminas ordinarias e extraordinarias do persoal ao servizo do Concello de Carral correspondentes ao mes de maio de 2021.
182/2021	28/05/2021	Asunto: Outorgamento premio do XXIV certame do concurso de poesía "Concello de Carral" a D. Álex Mene Pazos.
183/2021	28/05/2021	Asunto: Aprobación de facturas por importe de 48.055,08 €.
184/2021	31/05/2021	Asunto: CORRECCIÓN DE ERROR MATERIAL EN EL DECRETO DE LA ALCALDÍA 178/2021, DEL 21 DE MAYO DE 2021, CORRESPONDENTE AL EXPEDIENTE DE TEDEC 2021/G003/000200 (Iniciación del expediente de contratación de la obra "Mejora de la eficiencia energética del Polideportivo del Ceip Vicente Otero Valcárcel, Carral (A Coruña, Galicia).
185/2021	31/05/2021	Asunto: Contratación laboral temporal dun/ha traballador/a para o departamento de Servizos Sociais do Concello de Carral (con categoría profesional de traballador/a social, a xornada completa dende o 1 de xuño de 2021 ata o 31 de decembro de 2021) ao



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

abeiro do “Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ ADICIONAL 1/2021 para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios)”

- | | | |
|----------|------------|--|
| 186/2021 | 01/06/2021 | Asunto: CORRECCIÓN DE ERROR MATERIAL EN EL PLIEGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES Y EN EL PLIEGO TÉCNICO(Expediente de contratación de servicio “SERVICIO DE AYUDA EN EL HOGAR”. |
| 187/2021 | 02/06/2021 | Asunto:Solicitud á Agader de subvención para a obra PROXECTO TÉCNICO DE MELLORA E ACTUALIZACIÓN DOS ROTEIROS MARIÑÁN COSTA DA ÉGOA, MÁRTIRES DE CARRAL E BEIRA DO RÍO BARCÉS, a través do Grupo de Desenvolvemento Rural Mariñas Betanzos, ao abeiro da resolución do 26 de abril de 2021 pola que se convocan subvención para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19,2 da media Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, cofinanciadas (código de procedemento MR701D) |
| 188/2021 | 02/06/2021 | Asunto: Aprobación da versión definitiva Do proxecto MODIFICADO da obra “mellora de viais nas parroquias de tabeao e sergude”, incluído na solicitude de participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019 da Deputación Provincial da Coruña. |
| 189/2021 | 02/06/2021 | Asunto: CONVOCATORIA DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL SESION 10/2021, ORDINARIA, DE 03 DE XUÑO DE 2021 |
| 190/2021 | 03/06/2021 | Asunto: Exp lp 9/2021 |
| 191/2021 | 03/06/2021 | Asunto: Exp FOR 11/2021 |
| 192/2021 | 03/06/2021 | Asunto: Exp FOR 12/2021 |
| 193/2021 | 03/06/2021 | Asunto: Exp FOR 14/2021 |
| 194/2021 | 03/06/2021 | Asunto: Exp FOR 15/2021 |
| 195/2021 | 03/06/2021 | Asunto: Exp FOR 16/2021 |
| 196/2021 | 03/06/2021 | Asunto: Exp FOR 18/2021 |
| 197/2021 | 03/06/2021 | Asunto: Exp FOR 19/2021 |
| 198/2021 | 03/06/2021 | Asunto: Exp FOR 16/2021 |
| 199/2021 | 03/06/2021 | Asunto: Exp FOR 20/2021 |
| 200/2021 | 03/06/2021 | Asunto: Exp FOR 21/2021 |
| 201/2021 | 03/06/2021 | Asunto: Exp LP 10/2021 |
| 202/2021 | 03/06/2021 | Asunto: Exp FOR 22/2021 |
| 203/2021 | 03/06/2021 | Asunto: Exp LP 8/2021 |
| 204/2021 | 03/06/2021 | Asunto: Exp LP 11/2021 |
| 205/2021 | 03/06/2021 | Asunto: Exp LP 12/2021 |



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

206/2021	03/06/2021	Asunto: APROBACIÓN, EXPOSICIÓN PÚBLICA E POSTA AO COBRAMENTO DE PADRÓN AUGA-SUMIDOIROS-DEPURACIÓN- CANON DA AUGA 1ª TRIMESTRE 2021
207/2021	03/06/2021	Asunto: Tramitación de Decretos - 99500000022680 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio
208/2021	03/06/2021	Asunto: Exp LP 13/2021
209/2021	03/06/2021	Asunto: Exp FOR 24/2021
210/2021	03/06/2021	Asunto: Exp FOR 25/2021
211/2021	03/06/2021	Asunto: Exp FOR 26/2021
212/2021	03/06/2021	Asunto: Exp FOR 27/2021
213/2021	03/06/2021	Asunto: Exp FOR 29/2021
214/2021	03/06/2021	Asunto: Exp FOR 31/2021
215/2021	03/06/2021	Asunto: OUTORGAMENTO DE LICENZA ADMINISTRATIVA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS Nº 29 (ALEJANDRO CAMPELO CAMPELO)
216/2021	04/06/2021	Asunto: OUTORGAMENTO DE LICENZA ADMINISTRATIVA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS Nº 35 (CARLOS LAMAS BERMUDEZ)
217/2021	04/06/2021	Asunto: Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo (XUÑO DE 2021).
218/2021	04/06/2021	Asunto: Aprobación da liquidacion da taxa por reserva de dominio radioeléctrico por importe de 100,00 €.
219/2021	04/06/2021	Asunto: Exp lp 14/2021
220/2021	04/06/2021	Asunto: RENOVACIÓN DE LICENZA ADMINISTRATIVA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS Nº 9 (CARLOS LAMAS BERMUDEZ)
221/2021	04/06/21	Asunto:Exp for 30 2021
222/2021	08/06/21	Asunto:Aprobación certificación TERCEIRA E ÚLTIMA da obra PAVEMENTACIÓN E BEIRARRÚAS RÚAS EN PALEO (Correspondente ás rúas Río da Melra, Alcalde Francisco Xavier Alvajar, Manuel Ferrol e Manuel Jesús Méndez Búa, en Paleo, Carral (FINANCIADA AL 100%- 198.304,46 €- A TRAVÉS DEL PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL. PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + 2018) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA).
223/2021	08/06/21	Asunto:Tramitación de Decretos - 99500000022730 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio
224/2021	08/06/21	Asunto:INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS Nº 36 (American statffordshire terrier-Bimba- ALEJANDRO CAMPELO



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

		CAMPELO)
225/2021	08/06/21	Asunto:RENOVACIÓN DE LICENZA ADMINISTRATIVA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS Nº 27 (CARLOS LAMAS BERMUDEZ)
226/2021	08/06/21	Asunto:INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS Nº 37 (American statffordshire terrier-Ali- CRISTINA COLLADO VENTO)
227/2021	08/06/21	Asunto:Decreto Ampliación horaria SAF Libre Cesáreo Eirís Varela
228/2021	08/06/21	Asunto:Exp lp 15/2021
229/2021	10/06/2021	Asunto: Liquidación servizo de axuda no fogar-prestacións de dependencia e libre concorrencia Maio de 2021.
230/2021	10/06/2021	Asunto: Aprobación de facturas e levantamento de reparo suspensivo 5/2021.
231/2021	10/06/2021	Asunto:Aprobación certificación DUAS (2) E ÚLTIMA da obra SENDA PEONIL E CICLISTA NA N-500 ENTRE TABEAI O E CARRAL (Subvencionada pola Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia- 153.655,17 € sobre o orzamento total de 153.655,17 €, IVE incluído- a través do convenio de colaboración asinado co Concello de Carral ao efecto).
232/2021	10/06/2021	Asunto: Expedición a D. José Francisco Orgeira Campelo (34888376K) de tarxeta de armas 4b de aire comprimido
233/2021	10/06/2021	Asunto: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 6/2021, XERACIÓN DE CRÉDITOS 3/2021.
234/2021	11/06/2021	Asunto: Aprobación de selo electrónico de órgano e regulación de actuacións administrativas automatizadas no Concello de Carral.
235/2021	11/06/2021	Asunto: Tramitación de Decretos - 99500000022611 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio
236/2021	11/06/2021	Asunto: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 7.2021. TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS 3.2021 ENTRE PARTIDAS DEL MISMO GRUPO DE FUNCIÓN E PARTIDAS DE PERSOAL.
237/2021	11/06/2021	Asunto: Aprobación/denegación da documentación xustificativa das axudas concedidas na liña de axudas PEL-REACTIVA, Fondo de financiamento para a Reactivación económica e social da provincia de A Coruña do Plan de Empleo Local (PEL 2020) (cofinanciada nun 80% pola Deputación Provincial de A Coruña).
238/2021	16/06/2021	Asunto: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 11/2021, ORDINARIA, 17 DE XUÑO DE 2021
239/2021	11/06/2021	Asunto: NON DIVISIÓN EN LOTES DO INVESTIMENTO Mellora da seguridade peonil no Concello Carral”



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

(FINANCIADA AO 79,999%- 63.972,46 €- A TRAVÉS DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA EXCMA DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARRAL POLO QUE SE INSTRUMENTA UNA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA).

240/2021	16/06/2021	Asunto: OUTORGAMENTO DE LICENZA ADMINISTRATIVA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS Nº 28 (CRISTINA COLLADO VENTO)
241/2021	16/06/2021	Asunto: Exp for 10/2021
242/2021	16/06/2021	Asunto: Exp lp 6/2021
243/2021	16/06/2021	Asunto: Exp for 28/2021
244/2021	16/06/2021	Asunto: Exp lp 7/2021
245/2021	17/06/2021	Asunto: APROBACIÓN DEL PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD DE LA OBRA CONTRATACIÓN DE OBRAS-NOVO SANEAMIENTO SAN VICENTE DE VIGO (FASE 1) (POS+ADICIONAL 1/2019)
246/2021	17/06/2021	Asunto: Exp for 23/2021
247/2021	17/06/2021	Asunto: Axudas odontolóxicas, oftalmolóxicas do personal do Concello de Carral (de xaneiro a xuño 2021).
248/2021	17/06/2021	Asunto: Exp lp 16/2021
249/2021	22/06/2021	Asunto: RENOVACIÓN DE LICENZA ADMINISTRATIVA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS Nº 5 (CARLOS ANDRADE GARCÍA)
250/2021	21/06/2021	Asunto: Tramitación de Decretos - 99500000022802 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio
251/2021	22/06/2021	Asunto: INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS Nº 34 (American Staffordshire terrier- Boyka- Carlos Andrade García)
252/2021	24/06/2021	Asunto: Aprobacion do gasto para a dinamizacion das ferias.
253/2021	23/06/2021	Asunto: Iniciación del expediente de contratación de la obra "Mellora de vias nas parroquias de Tabeaio e Sergude) (FINANCIADA AL 100%- 61.439,00 €- A TRAVÉS DEL PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL. PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + 2019) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA).
254/2021	23/06/2021	Asunto: INICIACION DO EXPEDIENTE DE CONTRATACION DA OBRA



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

“MELLORA DA SEGURIDADE PEONIL NO CONCELLO CARRAL” (FINANCIADA AL 79,999%- 63.972,46 €- A TRAVES DEL CONVENIO DE COLABORACION ENTRE LA EXCMA DIPUTACION PROVINCIAL DE LA CORUNA Y EL CONCELLO DE CARRAL POR EL QUE SE INSTRUMENTA UNA SUBVENCION NOMINATIVA PARA EL COFINANCIAMIENTO DE LAS OBRAS DE MEJORA DE LA SEGURIDAD VIARIA).

- | | | |
|----------|------------|---|
| 255/2021 | 24/06/2021 | Asunto: Aprobación das nóminas ordinarias e extraordinarias do persoal ao servizo do Concello de Carral correspondentes ao mes de xuño de 2021. |
| 256/2021 | 24/06/2021 | Asunto: Tramitación de Decretos - 9950000022870 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio |
| 257/2021 | 24/06/2021 | Asunto: Decreto acceso SAF dependencia dende libre concorrencia Cesareo Eirís Varela |
| 258/2021 | 29/06/2021 | Asunto: COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO-Sesión 5/2021, extraordinaria, 02 de xullo de 2021 |
| 259/2021 | 29/06/2021 | Asunto: Decreto acceso a SAF dependencia dende libre concorrencia Mª Luisa Ferreiro Mouriño |
| 260/2021 | 29/06/2021 | Asunto: Convocatoria ás membros da comisión de valoración nomeados no punto VII.2 das bases reguladoras das axudas ao estudo do Concello de Carral para estudantes do curso 2020/2021 para a emisión da proposta de resolución que motive o outorgamento ou a denegación de ditas axudas a cada unha das persoas interesadas. |
| 261/2021 | 29/06/2021 | Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 2/2021 |
| 262/2021 | 24/06/2021 | Asunto: Aprobación do gasto do servizo de transporte para a excursión ao Aquapark o día 7 de xullo coa xuventude de Carral. |
| 263/2021 | 29/06/2021 | Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 1/2021. |
| 264/2021 | 29/06/2021 | Asunto: Aprobación do gasto para a realización de tres espectáculos para o programa Cultura Rúa na piscina municipal. |
| 265/2021 | 29/06/2021 | Asunto: Aprobación do gasto para a proxección de varias películas dentro do programa Visións da Rede Cultural 2021. |
| 266/2021 | 29/06/2021 | Asunto: Decreto concesión tarxeta estacionamento Manuel Diaz Morandeira |
| 267/2021 | 29/06/2021 | Asunto: Decreto concesión tarxeta estacionamento Preciosa Louzao Liste |
| 268/2021 | 29/06/2021 | Asunto: Solicitud á Xunta de Galicia (Axencia Galega das Industrias Culturais-Consellaría de Cultura e Turismo) de subvención ao abeiro da Resolución do 11 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o fomento das artes |



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia con motivo do Xacobeo 21-22: Cultura no Camiño, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento CT302B).

269/2021	30/06/2021	Asunto: Exp lp 18/2021
270/2021	02/07/2021	Asunto: CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 6/2021 , EXTRAORDINARIA, 07 DE XULLO DE 2021
271/2021	02/07/2021	Asunto: CORRECCIÓN DE ERROR MATERIAL EN EL DECRETO DE LA ALCALDÍA 270/2021, DEL 02 DE XULLO DE 2021, CORRESPONDENTE AL EXPEDIENTE DE TEDEC 2021/G003/000279 (CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 6/2021 , EXTRAORDINARIA, 07 DE XULLO DE 2021).
272/2021	02/07/2021	Asunto: CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 6/2021 , EXTRAORDINARIA, 07 DE XULLO DE 2021
273/2021	05/07/2021	ASUNTO: INICIACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN MENOR DE LA OBRA MELLORA DA SEGURANZA VIARIA EN ESTRADA MUNICIPAL NO TREITO DO LUGAR DO BARBEITO AO LUGAR DE LAVANDEIRA.(FINANCIADA CON CARGO A LA SUBVENCIÓN DE LA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) DE LA CONSELLARÍA DO MEDIO RURAL DE LA XUNTA DE GALICIA. CONVOCATORIA, RESOLUCIÓN 28-12-2020; OTORGAMIENTO, RESOLUCIÓN 04-04-2021.
274/2021	05/07/2021	Asunto: Exp lp 19/2021
275/2021	05/07/2021	Asunto: Exp lp 20/2021
276/2021	07/07/2021	Asunto: Decreto concesión SAF libre concorrencia José Ramón de la Iglesia Rey
277/2021	07/07/2021	Asunto: Exp for 32/2021
278/2021	07/07/2021	Asunto: Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo (xullo 2021).-
279/2021	07/07/2021	Asunto: Exp for 33/2021
280/2021	07/07/2021	Asunto: Decreto concesión SAD libre concorrencia Pilar Pérez Rodríguez
281/2021	07/07/2021	Asunto: Decreto concesión SAF Urgente Libre concorrencia Celia Queijo García
282/2021	07/07/2021	Asunto: Decreto concesión SAD libre concorrencia José Botana Brea
283/2021	07/07/2021	Asunto: Exp lp 21/2020
284/2021	07/07/2021	Asunto: Exp lp 22/2021
285/2021	07/07/2021	Asunto: Tramitación de Decretos - 9950000023001 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- | | | |
|----------|------------|---|
| 286/2021 | 08/07/2021 | Asunto: PARTICIPACIÓN NA 1ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ADICIONAL 2/2021 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA. |
| 287/2021 | 08/07/2021 | Asunto: Decreto concesión SAD libre concorrancia Francisca Bello Fernández |
| 288/2021 | 08/07/2021 | Asunto: Decreto concesión SAF vía urxente libre concorrancia Ángela Rey Barbeito |
| 289/2021 | 08/07/2021 | Asunto: Exp for 23/2021 bis |
| 290/2021 | 08/07/2021 | Asunto: Exp lp 23/2021 |
| 291/2021 | 08/07/2021 | Asunto: Liquidación servizo de axuda no fogar -prestación de dependencia e libre concorrancia do mes de XUÑO de 2021.- |
| 292/2021 | 08/07/2021 | Asunto: Exp lp 25/2021 |
| 293/2021 | 09/07/2021 | Asunto: Exp lp 24/2021 |
| 294/2021 | 09/07/2021 | Asunto: Exp lp 26/2021 |
| 295/2021 | 09/07/2021 | Asunto: Exp lp 28/2021 |
| 296/2021 | 09/07/2021 | Asunto: Exp lp 27/2021 |
| 297/2021 | 14/07/2021 | Asunto: COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO-Sesión 6/2021, extraordinaria, 19 de xullo de 2021 |
| 298/2021 | 14/07/2021 | Asunto: CONVOCATORIA DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL SESION 12/2021, ORDINARIA, DE 15 DE XULLO DE 2021 |
| 299/2021 | 12/07/2021 | Asunto: Exp lp 29/2021 |
| 300/2021 | 16/07/2021 | Asunto: Adjudicación del contrato menor de la obra MELLORA DA SEGURANZA VIARIA EN ESTRADA MUNICIPAL NO TREITO DO LUGAR DO BARBEITO AO LUGAR DE LAVANDEIRA. (FINANCIADA CON CARGO A LA SUBVENCIÓN DE LA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) DE LA CONSELLARÍA DO MEDIO RURAL DE LA XUNTA DE GALICIA. Convocatoria, resolución 28-12-2020; Otorgamento, resolución 04-04-2021. |
| 301/2021 | 15/07/2021 | Asunto: Exp for 34/2021 |
| 302/2021 | 15/07/2021 | Asunto: Exp for 35/2021 |
| 303/2021 | 16/07/2021 | Asunto: APROBACION BASES REGULADORAS DA SELECCIÓN QUE REXERÁN A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN OPERARIO DE LIMPEZA PARA O SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS E LIMPEZA DE MONTES AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL 2021) |



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

304/2021 19/09/2021 Asunto: CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 7/2021, EXTRAORDINARIA (CON CONTIDO DE ORDINARIA), 22 DE XULLO DE 2021

5.- Mocións dos grupos políticos, no seu caso.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que hai presenda unha moción presentada polo partido popular, o día 21 de xullo de 2021 con rexistro de entrada 1163 Pregunta o Sr. Alcalde se hai algunha moción mais e a resposta é non.

O señor Fernández Mouriño (grupo municipal do PP) presentou por escrito (rexistro de entrada 1163, do 21 de xullo de 2021) a moción cuxo texto se transcribe a continuación:

5.1-MOCIÓN QUE REPRESENTA O GRUPO MUNICIPAL POPULAR NO CONCELLO DE CARRAL PARA ESIXIR AO GOBERNO CUBA O CESAMENTO DA VIOLENCIA INJUSTIFICADA CONTRA OS SEUS CIDADÁNS E APOIAR UNHA TRANSICIÓN PACÍFICA Á DEMOCRACIA NA QUE TODOS OS CUBANOS POIDAN ELIXIR O SEU FUTURO EN LIBERDADE.

O Grupo Municipal Popular conforme ao previsto no artigo 71 do Regulamento de Organización, desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ditadura cubana é a mais lonxeva de América Latina. Desde 1959 o pobo cubano vive sometido a un réxime militar de partido único.

Á ausencia de liberdades, a negación do pluralismo político e a vulneración permanente dos dereitos humanos únenselle un modelo económico que provoca unha crónica escaseza de alimentos e medicinas. Neste contexto, a pésima xestión da crise sanitaria do COVID acentuou o malestar político e social na illa.

As manifestacións espontáneas e pacíficas en San Antonio dos Baños e Palma Soriano estendéronse por toda a nación mostrando o desexo de cambio dunha sociedade que non quere seguir soportando que todo siga igual.

Por todo iso, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o Pleno do Concello de Carral, a adoptar o seguinte acordo:

PROPOSTA DE ACORDO

- 1.- Mostrar a súa profunda preocupación pola situación dos dereitos humanos en Cuba.
- 2.- Expressar o seu firme rexeitamento ao chamamento ao “combate” de Miguel Díaz-Canel e pedir o cesamento da violencia inustificada e as detencións arbitrarias por parte do Goberno.
- 3.- Sumarse ao chamamento da Corte Interamericana de Dereitos Humanos (CIDH) para que o Goberno de Cuba “cumpra coas súas obrigacións cos Dereitos Humanos, en particular o dereito á protesta”.
- 4.- Apoiar unha tración pacífica á democracia na que todo o pobo de Cuba poida decidir en liberdade o seu futuro político sen inxerencias externas e que se levanten as restricións económicas que seguen dificultando o desenvolvemento económico do pobo cubano.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

A Coruña, 20 de xullo de 2021

O Portavoz do Grupo Municipal Popular do Concello de Carral
José Luis Fernández Mouriño”

O señor Alcalde solicita a xustificación da urxencia da moción de ESIXIR AO GOBERNO CUBA O CESAMENTO DA VIOLENCIA INJUSTIFICADA CONTRA OS SEUS CIDADÁNS E APOIAR UNHA TRANSICIÓN PACÍFICA Á DEMOCRACIA NA QUE TODOS OS CUBANOS POIDAN ELIXIR O SEU FUTURO EN LIBERDADE. presentada polo grupo municipal PP.

O Sr. Fernández Mouriño expón a urxencia da Moción, manifestando durante estas últimas semás os medios de comunicación houbo unas manifestacións importantísimas en Cuba, principalmente na Habana en contra da dictadura, dí que os veciños da Habana se manifestan contra o único partido que hai para chegar a unha democracia como a que hai en moitos países. Consideran que en Cuba hai unha dictadura e que ao igual que a que se viviu en España durante case 40 anos e non gustaba. O Sr. Mouriño manifesta que é importante vivir nun país donde un se poida manifestar libremente sempre respetando as normas que teña que haber, pero ao mesmo tempo con liberdade, sobre todo liberdade de pensamento, liberdade de poder expresarse e liberdade para poder facer todo o que se poida sen ofender nin facer dano a ninguén, isto é o que se chama democracia, o resto é dictadura. Por todo isto o Sr. Fernández Mouriño pide que se vote a urxencia desta moción, sabe que so dende Carral non se pode facer moito pero indica o Sr. Fernández que “as grandes camiñatas empezan por un pequeno paso”, manifesta que en outros moitos sitios tamén están preocupados pola situación de Cuba.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que o tema de Cuba xa ven dende moitos anos atrás pero entende que non é unha urxencia como para tratala nun pleno no concello de Carral.

Procédese á votación:

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é aprobada por sete votos a favor (dos/as tres do grupo municipal do PP presentes na sesión, tres do grupo municipal PsdG-PSOE e da concelleira non adscrita e votos en contra dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal de AdV.).

O Sr. Alcalde concede a palabra ao portavoz do Partido Popular para que proceda a tratar a moción.

Intervén o Sr. Fernández Mouriño para expor que a ditadura cubana é a mais lonxeva de América Latina. Dende 1959 o pobo cubano vive sometido a un réxime militar de partido único, á ausencia de liberdades, a negación do pluralismo político e a vulneración permanente dos dereitos humanos únenselle un modelo económico que provoca unha crónica escaseza de alimentos e medicinas. Neste contexto, a pésima xestión da crise sanitaria do COVID acentuou o malestar político e social na illa. As manifestacións espontáneas e pacíficas en San Antonio dos Baños e Palma Soriano estendéronse por toda a nación mostrando o desexo de cambio dunha sociedade que non quere seguir soportando que todo siga igual.

Indica o Sr. Fernández Mouriño que por todo iso, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o Pleno do Concello de Carral, a adoptar o seguinte acordo:

1.- Mostrar a súa profunda preocupación pola situación dos dereitos humanos en Cuba.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

2.- Expresar o seu firme rexeitamento ao chamamento ao “combate” de Miguel Díaz-Canel e pedir o cesamento da violencia inxustificada e as detencións arbitrarias por parte do Goberno.

3.- Sumarse ao chamamento da Corte Interamericana de Dereitos Humanos (CIDH) para que o Goberno de Cuba “cumpra coas súas obrigacións cos Dereitos Humanos, en particular o dereito á protesta”.

4.- Apoiar unha traxición pacífica á democracia na que todo o pobo de Cuba poida decidir en liberdade o seu futuro político sen inxerencias externas e que se levanten as restricións económicas que seguen dificultando o desenvolvemento económico do pobo cubano.

Intervén o Sr. Couto para manifestar que están dacordo no contido da Moción presentada polo Partido Popular, indica o Sr. Couto que todas as dictaduras son dictaduras e que o Partido do PSDG-PSOE está totalmente dacordo co postulado final da Moción.

O Sr. Fernández Mouriño recorda que por suposto que hai que desbloquear Cuba pero cando esta sea libre, cando haxa democracia, non se lle pode votar a culpa aos Estados Unidos nin a ningún outro país.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a moción, esta é aprobada por sete votos a favor (dos/as tres do grupo municipal do PP presentes na sesión, tres do grupo municipal PsdG-PSOE e da concelleira non adscrita e votos e a abstención dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal de Adv.).

6.- Rogos e preguntas.

O Sr. Alcalde concede a palabra á Sra. Duarte.

Intervén a Sra. Duarte para preguntar sobre o tramo da N-550 de Pontelago a Herves que ten un expediente iniciado dende hai 10 ou 12 anos e dende hai 1 ano e pico se voltou a iniciar dito expediente e quere saber se teñen algunha contestación ou se o tramitaron ou non, se se vai a esperar outros 10 ou 12 anos máis. Tanto o tramo de carretera de Pontelago como o tramo de carretera de Herves están totalmente desfeitos, continua dicindo a Sra. Florinda que o equipo de goberno leva 2 anos no Concello que iniciaron outra vez ese expediente pero o tempo pasa e a día de hoxe non saben nada de como está ese tema.

Pregunta a Sra. Florinda sobre a ponte de Sergude, isto é case unha ponte histórica para Carral, foi elaborado un proxecto co anterior goberno (partido popular), logo e Sr. Couto modificou o proxecto e pregunto cómo está iso porque hai unha barandilla alí posta e leva dous anos así.

Pregunta a Sra. Duarte sobre servizos sociais. Hai unha traballadora social de baixa e quere saber se hai algunha traballadora substituíndoa.

Intervén o Sr. Bello Hermida para contestar á Sra. Duarte que hai unha traballadora social substituíndo á persoa que está de baixa, leva uns tres meses traballando no concello.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Continúa falando a Sra. Duarte manifestando que se o Concelleiro de Servizos Sociais lle confirma que hai unha traballadora social substituindo a outra de baixa, dende hai 3 meses, agora mesmo hai no concello 3 traballadoras sociais e a Sra. Duarte indica que non se explica como tendo 3 traballadoras sociais están bloqueados todos os expedientes que hai en servizos sociais. Durante un tempo, indica a Sra. Florinda, entende que faltara persoal, que estaba persoal de baixa pero a Sra. Duarte non entende que esté a xente desesperada na casa esperando a que dende servizos sociais lle tramiten unha lei de dependencia, ou que lle tramiten unha residencia, e que chamen, as traballadoras sociais, para preguntar como poden facer. A Sra. Duarte manifesta que recibe chamadas de xente desesperada e que a propia Sra Duarte indícalles que falen co Sr. Alcalde non co concelleiro de Servizos Sociais, xa que co concelleiro xa falaron, indica a Sra. Florinda que non sabe si o Sr. Alcalde está ou non ao tanto de todo isto pero o que ela non cré é que se poida consentir, que neste momento que se acaba de aprobar definitivamente o orzamento, que incrementaron a partida de servizos sociais, o goberno manteña expedientes no caixón.

Manifesta a Sra. Duarte que non lle vai recriminar o soldo pero si lle recrimina que se no seu horario dende as 08 ata as 15 horas non é capaz de revisar o que pasa neste concello, que é o horario que o Sr. Alcalde dí que ten, pero si ese horario non lle chega ao Sr. Alcalde terá que plantexarse quedarse ata as 16.00 horas ou ata as 19.00 horas e revisar porque servizos sociais non está funcionando. Continúa dicindo a Sra Duarte Gerpe que agora o Sr. Alcalde pode contar o que lle de a gana pero, que o equipo de goberno saben que servizos sociais non está funcionando e saben, igual que o sabe ela, que teñen expedientes sen resolver, e que hai xente desesperada nas casas, pendentes da dependencia e pendentes de tramitar a dependencia dende o concello e dende a Xunta. Manifesta a Sra. Duarte que non é só problema do persoal, indica que habería que ver en qué está invertindo o tempo o persoal.

Pregunta a Sra. Duarte ao Sr. Alcalde como fixeron para que marchara o Secretario municipal, porque no seu día, indica a Sra. Florinda, o Sr. Alcalde chamoulle á orde dicindo que ela lle faltaba ao respecto aos funcionarios e ao Secretario. O partido socialista, cando gobernaba o partido popular dicía que toda a paralización dos expedientes de todas as obras que había, incluídas as becas de estudos era por culpa de que os concelleiros, naquel momento, non facían o seu traballo, que non era culpa do persoal.

Pregunta a Sra. Florinda se o Secretario non estaba dacordo co traballo e coa maneira de facer as cousas o equipo de goberno e querían facer chanchullos e o secretario marchou ou e que o equipo de goberno o aburriu tanto (ao Secretario) nestes dous anos, moito máis que o aburriu o partido popular na súa época e ao final conseguiron que o secretario se marchara. Indica a Sra. Duarte que para ela é unha incognita, conseguiron que collera unha baixa e que logo marchara definitivamente para un concello no que xa estivera e xa marchara del.

Pregunta a Sra. Duarte se o equipo de goberno será capaz de sacar as obras que están pendentes, se serán capaces de sacar o prego de contratación do centro deportivo, serán capaces de sacar a contratación o servizo de axuda a domicilio, serán capaces de sacar a contratación o servizo de limpeza viaria ou votarlle a culpa a outro.

Pregunta a Sra. Duarte ao Sr. Alcalde quen lle faltou ao respecto ao secretario, porque ao final marchou e non foi por culpa dela, a culpa foi do goberno, estaba facendo ben as cousas e el non llas daba feito ou queríanas facer mal e el decidiu marchar. Indica a Sra. Duarte que estarán sen secretario todo ano e a asesora xurídica fará as funcións de secretaria e asesora xurídica durante os meses que fallan para rematar o ano, e se quedan bloqueados os expedientes que hai levará a culpa a asesora xurídica e os veciños esperarán polo informe porque a asesora xurídica agora tamén fará as funcións de secretaria e pagaránlle un sobreplus por facer a función de secretaria, indica a Sra. Duarte que así é como funciona o concello de Carral. Dí a Sra, Duarte que é un concello bloqueado.

Resposta o Sr. Couto López dicindo que no tema da N-550 o compromiso que había co Ministerio de Fomento, neste caso coa Demarcación de Carreteras en Galicia, era da transmisión unha vez que estivera arranxada e está esperando ao orzamentos do Estado, que xa hai unhas meses que están aprobados, e a ultima conversación que o Sr. Couto tivo coa Demarcación era que á volta deste verán voltarían a falar.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Segue respostando o Sr. Couto López dicindo que no caso da Ponte da Brexa, o proxecto non tiña estudio xeotécnico e facía falla, o único que se lle fixo a ese proxecto foi darlle mais ancho, agora mesmo está todo feito e como a obra xa estaba licitada e adjudicada houbo que conseguir o beneplácito da empresa para a modificación e esa modificación vai a ir en breve a un pleno e logo facer un incremento de coste, irá a pleno do concello e despois terá que ser aprobado polo pleno da Deputación. Indica o Sr. Couto que cando pasa algo así nunha obra, os temas legais son moi longos e farragosos, recalca que el nunca parou esta obra, que puxo todos os medios para que esto seguira adiante, que houbo que voltar a pedir permiso a Augas de Galicia, porque lamentablemente, dí o Sr. Couto, se licitou unha obra sen proxecto xeotécnico. O Sr. Couto pon a servizo dos concelleiros o proxecto e a información técnica da que dispón o director de obra, neste caso, o arquitecto municipal.

Resposta a Sra. Duarte dicindo que esa ponte foi un proxecto que xa aprobara o partido popular no seu momento e o Sr. Couto, que naquel momento estaba na oposición, votou en contra dese proxecto e dixo que faría o imposible ou paralizaría ese proxecto para que esa ponte se ampliara, continúa a Sra. Duarte dicindo que levan dous anos esperando. Manifesta a Sra. Duarte que ese proxecto xa fora á Deputación e, reitera a Sra. Duarte, que o Sr. Couto o cambiou.

Resposta o Sr. Couto que por moito que lle diga, se a Sra. Duarte non quere escoitar, non vai escoitar nin entender, o Sr. Couto dí que el non quere enfrontamentos e que a Sra. Duarte non vai acertada, reitera o señor Couto que o único que se lle fixo a ese proxecto foi darlle máis ancho á calzada e que esta tivera 7 metros de ancho, de facer unha ponte facela ben dende o principio, pero por isto non se cambiou o proxecto senón porque non había estudio xeotécnico e viuse que para aguantala ponte faltábanlle 3 metros de profundidade e por isto se tivo que cambiar o proxecto, isto dio o arquitecto municipal, que é o director de obra. Manifesta o Sr. Couto que non lle permite á Sra. Florinda que lle vote a culpa de tal tardanza. A idea é facer a ponte cando haxa menos caudal, mais ou menor no mes de outubro.

Resposta a Sra. Duarte que ela non lle vota a culpa, simplemente lle recorda que faga o proxecto.

O Sr. Fernández Mouriño manifesta que so quere facer unha anotación ao Sr. Couto López dicíndolle que el non é enxeñeiro pero o Sr. Couto manifestou que o estudio xeotécnico é preceptivo e o Sr. Fernández Mouriño recorda que pasou o visto e praxe dos servizos técnicos do Concello e da Deputación, nada do que se fixo na época en que gobernaba o partido popular foi a mala fe.

O Sr. Fernández Mouriño fai un rogo e manifesta que viu nun decreto que houbo unha serie de cambios e fai un rogo, dende A Coruña a Santiago, Carral non ten ningún semáforo, na maioría dos sitios onde os hai os están sacando, por iso fai un rogo e pídelo ao equipo de goberno que reflexione sobre poñer semáforos en Carral, non está contrastado que sexan mellores os semáforos que outros sistemas para redución de velocidade. Os semáforos con botón cada vez hai menos, insiste en que reflexione o equipo de goberno sobre este tema.

Indica o Sr. Fernández Mouriño con respecto ao tema de axuda a domicilio que o equipo de goberno leva 780 días falando de regularizar a axuda a domicilio, 26 meses, o secretario marchou, os servizos xurídicos están levando a secretaría, a nova secretaría que xa se puxo en contacto el, non se reincorporará ata setembro e con todo isto, o Sr. Fernández roga que se licite dunha vez a axuda a domicilio.

Pregunta o Sr. Fernández Mouriño sobre as aceras de Paleo, a que departamento pertencen, a urbanismo ou obras e servizos.

Resposta o Sr. Alcalde manifestando que as aceras de Paleo as leva o concelleiro de Obras e Servizos.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Manifesta o Sr. Mouriño que é unha obra boa pero deben mirar se hai un informe de Patrimonio porque alguna das zonas así o require, e iso hai que telo en conta.

Outro rogo ao Sr. Alcalde do Sr. Fernández Mouriño, a policía local ten que estar nas sesións do pleno, é obrigatorio.

Intervén a Sra. Ramilo para preguntar sobre a pregunta que lle fixera no pleno anterior (o camiño dos conflitos).

O Sr. Alcalde resposta que a lei do so non permite a apertura de camiños, foi a mesma contestación que lle deu no pleno anterior

Reitera a Sra. Ramilo que unha cousa é abrir un camiño e outra cousa é cerrar un camiño que xa estaba.

O Sr. Alcalde manifesta que ese camiño leva 16 anos pechado, pregunta o Sr. Alcalde se o partido popular, cando estivo no goberno, abriu o camiño de Barral, isto xa ven do equipo de goberno do PSOE.

O Sr. Alcalde resposta á Sra. Ramilo que o concello está aberto de 8 a 15 horas e que dende o pleno anterior tivo tempo a presentar un escrito e preguntar se ese peche tiña licenza.

Reitera a Sra. Ramilo que ela non vai presentar nada por escrito, ela non ten que ver expedientes.

Ás 21:35 horas, o Sr Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta que asina o Señor Alcalde, do que, como Secretaria accidental do Concello, dou fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA ACCIDENTAL DO CONCELLO

Francisco Javier Gestal Pose

Sonia Campos Ares